

sociedade

Ao longo do ano 2025, o Fogar do Transeúnte atendeu a 1.531 persoas. **Páx. 2-3**

cultura

A Gala dos Premios Mestre Mateo do día 21 levará a música de Xabier Díaz e Mondra. **Páx. 8**

infraestruturas

A Muralla Romana de Lugo está sendo obxecto de obras e análise tralo seu derrubamento. **Páx. 13**

rural

O servizo de transporte rural a demanda que conecta a vila de Lugo co rural é un éxito. **Páx. 16**

deportes

Lugo podería acoller o Campionato de España de Seleccións Autonómicas de voleibol. **Páx. 30**

Segue a loita por unha sanidade digna no HULA



Falta de opcións de ocio público na zona do Miño

A veciñanza leva anos reclamando instalacións públicas que permitan gozar do río Miño. **Páx. 14**

Reanúdanse as obras na N-540, en Calde

A intervención permitirá solucionar o deterioro que o tramo arrastra desde hai anos. **Páx. 20**

Cintia Folgueira



A investigadora lucense destaca a importancia de visibilizar as científicas. **Páx. 6**

Diego Anido



O seu mural en Murcia foi seleccionado para mellor mural no ano 2025. **Páx. 10**

Club Triatlón de Lugo



"Estamos considerados como o mellor equipo de triatlón de España". **Páx. 31**

A Deputación de Lugo pide máis recursos

A institución defende a necesidade de reforzar o persoal de atención á diversidade nos colexios. **Páx. 29**

EXCLUSIVIDAD
para la **SALUD**
de tu **SONRISA**

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Problemas de Oclusión y Función
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Frores)

¡Ortodoncia todos los días!
Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h



Beni Basalo e Jessica Sobrino son dous dos traballadores que saen cada 15 días a facer revisión das persoas que se atopan nas rúas de Lugo e a levarlles algo de abrigo e algo de comer, aínda que tamén se fai un acompañamento diario da situación na que se atopan estas persoas. Na sede, danse almozos todos os días de 09.30 a 11.00 horas, así como os mércores e xoves tamén abren as súas portas de 15.30 a 17.00 horas para ser atendidas as súas necesidades. Así, complementanse os servizos de Cruz Vermella cos do Fogar do Transeúnte.

Porén, explican que moitas das persoas que non teñen un fogar, malviven en infravivendas, casas abandonadas “nas que calquera día pode ocorrer unha desgracia, e máis co mal tempo que estamos vivindo estes meses”, sosteñen. Así, as persoas sen fogar considéranse ‘de exclusión residencial’, tal e como dita a Tipoloxía Europea de Senfogarismo e Exclusión Residencial (ETHOS), desenvolvida pola Federación Europea de Asociacións Nacionais que Traballan con Persoas sen Fogar. Outros, os que contan con algo de diñeiro, pasan dunha pensión a outra, ou “viven no sofá

dalgún amigo”. Esta situación considérase, segundo o ETHOS, unha vivenda insegura.

Por iso, as persoas sen fogar teñen máis risco de padecer enfermidades de saúde mental, como depresión e ansiedade, que é o máis común, pero esa situación de vulnerabilidade e inestabilidade, e de ansiedade por non poder saír desa situación, poden provocar outros problemas de saúde mental máis agudos; engadindo, ademais, o consumo de drogas. Tal e como explican os traballadores e educadores sociais, “hai unha porcentaxe alta de persoas que chegan a ter certas adicións por culpa desta situación, xa que ninguén te dá traballo, non tes ingresos... a situación de rúa acelera que consumas máis porque é unha vía de escape para non pensar na túa situación, e iso, á súa vez, xera que a túa saúde mental se deteriore rápido”, explica Beni.

A TIPOLOXÍA DA PERSOA SEN FOGAR. Desde a Cruz Vermella, sosteñen que non hai un prototipo de persoa que acaba na rúa, é máis, defenden que “calquera pode acabar nesta situación”, é cuestión, explican “de tomar unha serie de ma-

las decisións e veste vivindo entre cartóns”. Este argumento é compartido polas persoas sen teito ás que entrevistamos. Un rapaz de 28 anos que leva un ano vivindo na rúa sostivo que “eu era un rapaz normal, cunha boa familia, sempre dispuxen do diñeiro que quixen e fun a bos colexios, pero xunteime coa xente que non debía e perdín o traballo, o que fixo que tomara peores decisións, e agora estou aquí. Espero poder saír desta situación”. El comparte a vida agora con outros dous rapaces que tamén viven na rúa, un de 18 anos e outro de mediana idade, entre os 40 e os 50 anos, que explicou que foi “futbolista e militar, e agora levo 5 meses vivindo na rúa”. Cunha nena pequena, di que “as malas decisións foron o que me levaron aquí, só teño eu a culpa, pero teño que loitar por saír desta”, comenta.

Cabe destacar que estes tres rapaces son de orixe española, xa que os traballadores e educadores sociais que se ocupan deles sosteñen que na sociedade hai moito estigma coas persoas sen fogar, xa que “moitos pensan que as persoas sen fogar son persoas de fóra, estranxeiras, que veñen aquí roubar e ás que ter medo; e realmente mañá pode ser o teu veciño ou ti mesmo. Chegar a non vivir na rúa non é tan difícil como a xente pensa. Incluso, moléstanlle. Algunha vez, nun destes percorridos, temos dito: <<Sácamo de aquí>>, e fannos a nós responsables de que persoas ocupen a vía pública para poder durmir, cando ademais iso non é o noso labor, senón o de axudar para que se poidan reintegrar na sociedade”, defende Jessica. Por outro lado, si que é certo que os datos amosan unha gran porcentaxe de homes sobre mulleres, que varían nas idades, desde os 18 ata os 90 anos, e tanto de orixe nacional como inmigrantes. Tanto Beni como Jessica, cunha experiencia de case 10 anos no programa ‘Sen teito’, defenden que

“máis homes adoitan chegar a esta situación porque non piden axuda. As mulleres tecen máis redes entre elas e axúdanse ou polo menos son capaces de pedir axuda, pero os homes están mal e non din nada ata que é demasiado tarde. Todo isto forma parte da cultura machista que temos, e que debería cambiar. Moitos homes pensan que o feminismo é unha corrente que lles prexudica, pero en verdade o machismo tamén lles fai mal a eles porque sempre teñen que ser os fortes e aparentar que todo está ben, e pedir axuda non é de débiles nin de vulnerables, senón de valentes”. E sosteñen que hai “moito machismo” nas persoas sen fogar, tanto nos homes como nas mulleres. “As mulleres sen fogar moitas veces veñen de casas nas

“Calquera pode acabar nesta situación, xa que todo depende de tomar unha serie de malas decisións e veste vivindo entre cartóns”

ción e a toda a sociedade.

Tanto Beni como Jessica recoñecen que “é moi frustrante e hai unha alta porcentaxe de baixas por depresión e ansiedade no noso sector”, xa que “axudas a alguén e ves un progreso, confías en que consiga un traballo e consiga unha situación de vivenda normalizada, e de súpe-



que o maltrato estaba normalizado, entón cústalles moito cambiar o ‘chip’ e só fan caso aos homes. Beni é o xefe tanto para elas como para eles”, confesa Jessica.

A situación das persoas sen fogar non só afecta ás persoas que sofren o feito de non ter unha vivenda na que facer a súa vida, senón tamén aos traballadores que se ocupan de axudalos a poder saír desta situa-

to, volve caer na mesma dinámica”. Por iso, é un traballo de resiliencia por parte dos traballadores, que non se dan por vencidos e volven intentar que as persoas sen fogar consigan afastarse das súas adicións e de persoas tóxicas, fagan caso aos consellos dos profesionais e loiten por volver a levar unha vida normalizada cun traballo, unha vivenda e poder recuperar a súa familia.



CLÍNICA DENTAL TEST
CENTRO DE ODONTOLOGÍA
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 • 608 938 993

Lugo celebrará o 15 de marzo o Día Internacional das Matemáticas



O Concello de Lugo sumarase este ano á conmemoración do Día Internacional das Matemáticas cunha actividade aberta á cidadanía que trasladará esta disciplina fóra das aulas.

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, anunciou que o goberno local se une á iniciativa impulsada pola Federación Galega de Sociedades de Profesorado de Matemáticas para achegar esta materia ás rúas e facer dela unha experiencia accesible e atractiva para o público xeral.

Ferreiro salientou que a proposta, promovida por profesoras e profesores, pretende romper coa imaxe distante que ás veces se asocia ás matemáticas, apostando por un formato participativo e próximo. Segundo explicou, trátase de sacar esta ensinanza do contexto académico habitual para levala ao espazo público, favorecendo así que veciñas e veciños de todas as idades poidan achegarse a ela dun xeito diferente.

A actividade desenvolverase o domingo 15 de marzo entre as 11:00

e as 14:00 horas na Praza Maior. No caso de que as condicións meteorolóxicas non sexan favorables, trasladarase ao Vello Cárcere. A iniciativa aposta por un enfoque lúdico e festivo, xerando un ambiente de lecer que contribúe a desmontar tópicos arredor desta disciplina e que fomenta a participación conxunta de distintas xeracións e niveis formativos.

A manipulación directa de materiais e a experimentación práctica constitúen un dos piares de Matemáticas na Rúa. Entre os recursos previstos inclúense crebacabezas, superficies minimais, cadrados máxicos, bingos matemáticos, xogos de mesa e propostas con cordas, entre outros elementos. A variedade é especialmente ampla no ámbito dos quebracabezas, que destacan pola súa diversidade e pola súa capacidade para desafiar e entreter ao mesmo tempo.

O Día das Matemáticas conmemórase internacionalmente o 14 de marzo, unha data que no ámbito anglosaxón se expresa como 3-14, coincidindo coas primeiras cifras do número pi.

Os celadores denuncian o colapso nas Urgencias do HULA diariamente

As celadoras e celadores do Servizo de Urgencias do Hospital Universitario Lucus Augusti concentráronse durante varios días seguidos para reclamar “os medios humanos e materiais necesarios para unha asistencia sanitaria digna” e denunciar a situación. O colectivo advirte de que o persoal é insuficiente para asumir a carga asistencial actual e que hai carencias de material básico para o traslado e atención de pacientes. Sinalan a falta de padiolas e cadeiras de rodas axeitadamente equipadas, así como a necesidade de habilitar unha unidade de intermedios que permita evitar as esperas prolongadas nos corredores cando os ingresos se demoran ou non hai camas dispoñibles na área de Observación.

Nun dos días, arredor de 18 persoas permaneceron durante toda a noite á espera dunha cama. Outro día, ás 8:00 horas, había 12 pacientes agardando por unha cama, distribuídos entre os corredores e a sala de espera do servizo de Urgencias. Un deles, que agardaba para ser ingresado, morreu nunha das padiolas na sala de espera de Urgencias.

O persoal advirte de que non se trata dun feito puntual, senón dunha “problemática que se arrastra desde hai anos e que, segundo sinalan, se viu agravada nos últimos tempos”. Un deles afirma que a situación que se está a vivir “non é normal”.

Os celadores denuncian a falta de medios materiais e humanos, así como á inexistencia dunha unidade intermedia de preingreso que permita aliviar a presión asistencial. Consideran que esta combinación de factores desemboca



“nun escenario que cualifican de inadmisible e insostible”, ao entender que dificulta garantir unha atención sanitaria en condicións dignas. Polo que os profesionais reclaman solucións ante unha situación que, segundo indican, xera malestar e impotencia tanto entre as persoas usuarias como entre o persoal que presta o servizo. Ante esta realidade, os profesionais esixen á Xunta de Galicia que dote o hospital dos recursos necesarios para garantir unha asistencia adecuada á cidadanía.

Pola súa banda, a Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos sostivo que non existe carencia de material nos seus dispositivos asistenciais e asegura que a distribución de recursos sanitarios se realiza de forma periódica e nas cantidades precisas, rexeitando así as críticas formuladas polo persoal concentrado.

APOIO DO BNG E DO PSOE. A deputada do BNG no Parlamento, Olalla Rodil, denunciou a situación de colapso no servizo de urgencias do HULA e reclama á Xunta un cambio de rumbo na súa política sanitaria porque, coa que está aplicando agora, “dinamita o sistema

público” e “pon en risco a saúde” das e dos lucenses. Tal e como anticipou o BNG ante a falta dun plan serio para garantir o bo funcionamento da rede sanitaria, o peche de 20 camas na unidade 4b2 e un cadro de persoal baixo mínimos “está tensionando o funcionamento do servizo de urgencias do HULA, tal e como denuncia o persoal que alí traballa.

Pola súa parte, a deputada socialista e secretaria de Organización do PSdeG, Lara Méndez, tamén apoia a denuncia do persoal de falta de material e de recursos no servizo. A responsable socialista apoiou as demandas do persoal que está a alertar das condicións de traballo inasumibles e que redundan na calidade do servizo sanitario aos lugueses e luguesa, así como advertiu que a recente reorganización aplicada no HULA se levou a cabo sen un diálogo efectivo cos profesionais e cunha planificación que considera desequilibrada, ao reforzar o persoal médico sen incorporar o correspondente aumento de efectivos en enfermaría, TCAE e celadores. Ao seu xuízo, esta decisión rompe o equilibrio asistencial e pon en risco a calidade da atención.

AGENDA
CULTURAL
DE GALICIA

Conciertos
Ferias • Festivales
Fiestas • Infantil
Humor • Gastronomía
Teatro • Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!
OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

Paula Alvarellos será recoñecida co premio ‘Entre Mulleres’

O premio “Entre Mulleres” do Concello de Lugo outorgarase a título póstumo á exalcadesa Paula Alvarellos, “polo seu traballo na loita pola igualdade e polo impacto que tivo na sociedade lucense”, segundo explicou a concelleira de Muller, Igualdade e Inclusión, Ángeles Novo. A entrega terá lugar este venres, 6 de marzo, ás 17.00 horas no salón de plenos do Concello.

A proposta partiu da propia concelleira e vicepresidenta do Foro de Igualdade, quen na última reunión do organismo presentou a iniciativa, que recibiu o apoio maioritario das asociacións, grupos políticos, colexios profesionais, fundacións e sindicatos que integran o foro. O galardón quere recoñecer o compromiso de Paula Alvarellos coa igualdade e o im-



pacto que deixou na sociedade lucense.

Este premio, tradicionalmente vinculado ao 8M, Día Internacional da Muller, busca visibilizar a mulleres e colectivos destacados na loita pola igualdade. Tras suspenderse a pasada edición polo falecemento

da alcaldesa, neste 2026 o Concello recupera a entrega do galardón. Ademais, o Programa do 8M incluírá diversos eventos baixo o lema “Mulleres con Forza”, nos que se abordará a igualdade desde ámbitos sociais, culturais, empresariais e deportivos.

O 8M reivindicase en Lugo con diversos actos



A área de Muller, Igualdade e Inclusión do Concello de Lugo presentou a programación con motivo do 8M, Día Internacional da Muller.

Desde o 6 de marzo día e ata o 16 de marzo, a Mosqueira e a Praza Maior lucirán iluminadas co logotipo de ‘Mulleres con Forza’. O día 12 celebrárase no CEI Nodus, entre as 16:00 e as 20:00 horas, o obradoiro ‘Alquimia Feminina’, centrado no autocoidado en distintas dimensións da saúde feminina. A actividade, coa colaboración da Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo, será gratuíta e con 15 prazas, facendo a inscrición no correo igualdade@lugo.gal. Tamén, en colaboración con AELU, organizarase un encontro de *networking* para empresarias o martes 17 de marzo, desde as 18:00 horas, no edificio Impulso Verde. Coa Deputación de Lugo faranse dúas charlas, unha o 11 de marzo, ás 19:00 horas no salón de actos, na que se presentará o libro ‘El cuarto vértice’, de Carlos Moreno Lúgrís, unha obra que recrea o encontro entre Maruja Mallo e Marina Méndez para repasar a traxectoria da artista ao longo do século XX e visibilizar o acoso moral sufrido por moitas mulleres antes da democracia. E o 13 de marzo, á mesma hora e tamén na Depu-

tación, celebrárase a conferencia de Patricia Campos Doménech co seu proxecto ‘Vuela conmigo’. A ex piloto das Forzas Armadas, primeira muller en pilotar un reactor militar no Exército do Aire, exporá a súa experiencia como exemplo de superación. O 27 de marzo, pola súa parte, terá lugar un obradoiro sobre solo pélvico por Patricia Pontón, entre as 18:00 e as 20:00 horas, no centro de convivencia Uxío Novoneyra, con inscrición previa en cmuller@lugo.gal. Tamén haberá actividades para a infancia, como o ciclo ‘Os martes: contos para a igualdade’, os días 10, 17 e 24, e espectáculos no Museo Interactivo da Historia de Lugo e no centro de convivencia Maruja Mallo, a cargo de artistas como Jara Ortiz, Esperanza Mara e Vero Rilo. Finalmente, o 22 de marzo terá lugar a carreira ‘Corre con Elas’, integrada no circuío municipal Corre con Nós, e que se desenvolverá no barrio de San Fiz, coa participación de atletas de todas as categorías. Ademais, a Plataforma Feminista de Lugo organiza unha concentración polo Día Internacional da Muller o domingo 8 de marzo ás 12.00 horas diante do edificio da Xunta, cun percorrido ata a Praza de Santa María baixo o lema ‘Non nos conformamos. Resistimos e medramos’.

Mantense a candidatura de Lugo para acoller a Axencia Estatal de Saúde

O proceso para designar a sede da Axencia Estatal de Saúde Pública continúa aberto despois de que o Goberno do Estado decidise ampliar os prazos de avaliación ata o vindeiro 18 de agosto, unha decisión que desde o Concello de Lugo se interpreta como a confirmación do alto nivel de competencia existente entre as candidaturas presentadas.

A proposta impulsada polo Concello e pola Xunta de Galicia sitúa como localización idónea o Pazo de Feiras e Congressos, un complexo con 27.000 metros cadrados que

conta con dous pavillóns diáfanos, oficinas, salas polivalentes, centro de negocios, un salón de actos con capacidade para máis de 500 persoas e amplas zonas destinadas á formación e ás reunións.

Para o goberno municipal, a necesidade dunha análise máis exhaustiva das propostas presentadas evidencia a calidade e a solidez dos proxectos. Lugo afronta esta nova fase con serenidade e seguridade nas súas posibilidades, apoiándose nunha candidatura construída desde o consenso institucional e coa participación activa das distintas

administracións, da universidade, do tecido empresarial e da sociedade civil.

A proposta lucense preséntase como unha candidatura de cidade e de territorio que vai máis alá da simple oferta de espazos operativos. Defende unha visión compartida sobre o papel que Lugo pode desempeñar no ámbito da saúde pública, sustentada nas sinerxías co Campus de Lugo, na cooperación institucional, na calidade de vida, na escala humana da cidade e na súa capacidade para atraer e reter talento.

*Clinica dental
Mosquera Otero*

- CIRURÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL
- ORTODONCIA
- IMPLANTOLÓGIA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA

Te damos
una razón
PARA SONREIR

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es

“Divulgar o noso labor serve para visibilizar as científicas”

Cintia Folgueira, investigadora lucense, desenvolve estudos sobre a diabetes e a obesidade no Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (Idis)

Jessica Fernández

Como nace o seu interese pola ciencia?

Sempre fun bastante curiosa. Fascinábame como funcionaba o corpo humano, como órganos tan distantes entre si, como o cerebro ou o corazón, eran capaces de estar coordinados e funcionar perfectamente. O problema vén cando non é así e aparecen as enfermidades. Iso foi un pouco o que me levou a querer entender que é o que está pasando no noso corpo para que estea fallando. En concreto, decanteime pola obesidade e a diabetes, porque pensaba que eran dúas enfermidades que estaban nese momento pouco estudadas. Son enfermidades moi complexas, e é importante saber que moléculas, que proteínas, que cambios, que alteracións hai no noso corpo para que se estean desenvolvendo.

Que estudou?

Estudei Bioloxía, fixen o doutoramento en Endocrinoloxía na Universidade de Santiago e despois estiven seis anos no Centro Nacional de Investigaciones Cardiovasculares en Madrid. O ano pasado volví ao Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago, onde estou agora liderando o meu grupo de investigación e estudando como diferentes conexións do corpo van controlar o peso corporal, a glicosa e as enfermidades.

Cales son os resultados dos que se sente máis orgullosa?

Un dos últimos que realizamos na miña etapa en Madrid, que consistía en ver como o músculo é capaz, a través da liberación dunhas proteínas, de controlar no cerebro as ganas de facer máis ou menos exercicio para motivar a moverse máis e así mellorar a diabetes ou a obesidade. Neste estudo, puiden combinar o aprendido no máster de neurociencia e o que fixera du-

rante o doutoramento: estudando novos sinais que o cerebro podía controlar no peso corporal e complementalo co papel do músculo, intentando compaxinar todo para que o noso corpo funcione correctamente. Así, traballando con animais e voluntarios, facendo exercicio físico, vimos que se activaban estas proteínas, pero a investigación é un proceso moi longo e tardas moitos anos en conseguir ver os resultados do que estás facendo no laboratorio aplicado máis á clínica.

Como é un día na súa vida?

O bonito do noso traballo é que non hai un día igual. Cada día é diferente e van xurdindo diferentes problemas que temos que ir resolvendo. Si que temos unha hipótese, cremos que algo vai funcionar dunha forma e intentamos probalo. O problema que temos, e é o que ás veces nos custa transmitir á sociedade, é que traballamos a mellor o cerebro, o músculo, pero temos que ver en conxunto o organismo e como pequenas modificacións que facemos no laboratorio dunha proteína, dunha molécula, vai afectar ao resto do organismo. E temos que probar que estea mellorando o peso corporal, que non estea afectando ao músculo ou prexudicando ao corazón, ou ao fígado. Por iso temos que intentar ver en conxunto como están afectando. Entón todo iso vai facer que se ralentice un pouco todo este proceso.

Cales son as causas da obesidade?

A obesidade funcional ten moitas causas; de feito, moitas veces estigmatízase a unha persoa con obesidade e pensamos que está así porque quere e non é así. A mellor, xa fixo unha dieta ou exercicio, ou está con tratamentos e non consegue perder peso. Por iso, intentamos estudar o porqué

esas persoas non responden a eses tratamentos. Si que é certo que a incidencia da obesidade actualmente é moi grande e no caso de España e de Galicia xa non nos escapamos desas cifras. Estamos ante outra pandemia: a obesidade infantil, que pode provocar que o sistema sanitario tamén se vexa sobrecargado. Entón, temos que intentar evitar que ese neno con obesidade chegue a converterse nun adulto con obesidade e cambiar hábitos de vida, xa que cada vez consumimos máis alimentos ultraprocesados e levamos cada vez máis unha vida sedentaria.

“Canto máis escalas, menos mulleres hai; abandonan as carreiras científicas (STEM) e de liderado a medida que ascenden”

Muller, lucense e liderando unha investigación científica, considérase un referente para outras nenas que queiran introducirse no sector STEM?

Cando estudei Bioloxía, a maioría eramos rapazas, e á hora de facer o doutoramento, tamén. Eu creo que o problema vén, sobre todo nas carreiras STEM, cando imos medrando na nosa carreira científica. Canto máis escalas, menos mulleres hai. É a famosa ‘tubería’, unha metáfora feminista que describe como as mulleres abandonan as carreiras científicas (STEM) e de liderado a medida que ascenden. No meu caso, no Idis, tanto a directora como a directora científica son mulleres. Así que vexo que, co paso dos anos, algo vai cambiando. Pero aínda nos queda



moito por facer.

É importante tamén deixarse ver.

Si, é moi importante participar en actividades de divulgación, e a nivel de Lugo, sobre todo, para que nos vexan como científicas e líderes de grupo de carne e óso. Cando eu era pequena, vía grandes científicas nos libros de texto, pero non tiña referentes que coñecera, polo que, ademais de investigar no laboratorio, é importante que saiamos de aí, divulguemos e participemos en actividades para visibilizar, que é a única forma que hai de que as nenas de agora se vexan reflectidas nun futuro. Gústame que as nenas me vexan para facerlles sentir máis próxima a ciencia. Así, poden preguntar dúbidas. É bo que saiban que, se eu podo, elas tamén e, se se equivocan, polo menos tentárono. Tamén os profesores fan unha misión importante, sobre todo antes destas charlas, nas que explican quen somos e que facemos. E, con respecto a min, cóntolles a miña traxectoria, esas dúbidas que tiven, como decidín estudar Bioloxía, e por que fun a Madrid.

No seu caso, vostede volveu a Galicia, pero son moitos os que quedan no estranxeiro.

Para min, a investigación é importante, pero a familia tamén. É importante ir a grupos e a centros de investigación bos, como no meu caso a Madrid, e incluso ir ao estranxeiro é algo que moitas veces se potencia; incluso se inculca que, para triunfar, tes que ir ao estranxeiro; e probablemente sexa

unha boa saída e eu recoméndoo, pero tamén en España, a pesar dos poucos recursos que temos, facemos boa investigación. Entón, é importante transmitirles ás novas xeracións que, a pesar de asociar a investigación con irse fóra, tamén se pode investigar en España e quedar preto da familia e dos amigos. Como dicía Margarita Salas, en España facemos milagres cos poucos recursos que temos, e hai cousas que van mellorando, aínda que está claro que é unha carreira de fondo e de obstáculos, pero moi bonita. A ciencia é o futuro do noso país.

Cales son as súas ideas de futuro?

Quero seguir un pouco no que fixen. Empecei co cerebro, as neuronas e outras rexións que poden estar controlando o noso peso e a glicosa en sangue, pero tamén me interesa como os diferentes órganos están conectados e saber se os sinais seguen constantes na graxa e como poden afectar tamén ao fígado. Así que quero seguir analizando a comunicación entre os distintos órganos e como os sinais que se mandan entre eles van favorecer que unha persoa acabe desenvolvendo obesidade ou non; e como controlan o peso corporal e a adiposidade e a glicosa en sangue. Ademais, seguirei participando en actos, porque é importante que se nos visibilice, que non quedemos nos laboratorios e que saibamos facelo, que ás veces nos custa.

UNIVERSIDAD

Grado en:

ROBÓTICA

Matemáticas I, II y III

Estadística

Física I y II

ENX. AGRÍCOLA

ENX. FORESTAL

Matemáticas I, II y III

Estadística

Física I y II

ENXEÑARÍA CIVIL

Matemáticas I, II y III

Estadística

Física I y II

BIOQUÍMICA

Matemáticas

Física

Química general e inorgánica

Química - Física I

Bioestadística

ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.

Matemáticas I y II

Física I y II

Métodos Estadísticos

PAU (Antigua selectividad)

BAC - E.S.O.

ACCESO CICLOS

Matemáticas - Física

Química - Lengua - Gallego

Inglés - Latín - Griego

Historia - Filosofía

Biología - Geología

Geografía

Historia del Arte

ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS

ATENCIÓN PERSONALIZADA

GRUPOS REDUCIDOS

Preparación específica para subir nota en ABAU

C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22

jmrivas.es

A Xunta modifica o proxecto de reforma da residencia das Gándaras

O Goberno galego xa modificou oficialmente o proxecto de remodelación da residencia de maiores das Gándaras para introducir cambios na configuración das habitacións dobres. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, entregou o documento actualizado, que quedará a disposición tanto das persoas usuarias como do persoal. Segundo explicou, nas últimas semanas a Administración autonómica traballou de maneira coordinada co equipo redactor do proxecto co obxectivo de atopar a mellor alternativa técnica que permitise, mediante axustes puntuais, asegurar a intimidade nos cuartos compartidos, principal inquestanda manifestada polos residentes.

Como resultado dese labor conxunto, optouse pola proposta que o propio delegado presentara aos usuarios do centro. A solución pasa por manter unha separación definida entre as camas, similar á existente na actualidade, co fin de preservar a privacidade e o benestar das persoas maiores e das súas familias. O novo deseño, que xa foi incorporado formalmente ao proxecto, garante a intimidade e, ao tempo, cumpre cos requisitos establecidos pola normativa estatal en materia de seguridade e accesibilidade.

A ACTUACIÓN. A reforma da residencia das Gándaras contará cun investimento próximo aos 8 millóns de euros, unha contía que a Xunta mantén sen variacións e que permitirá adaptar o centro á normativa estatal vixente en materia de seguridade e accesibilidade, ao tempo que se melloran as condicións de confort das persoas residentes e do persoal. A intervención enmárcase no novo modelo de



coidados impulsado polo Goberno galego, centrado na humanización dos espazos e na creación de contornos máis funcionais e persoais. No que respecta á reorganización interior, todas as habitacións gañarán amplitude tras a actuación, con especial mellora nos baños. A reforma non reducirá o número de cuartos individuais; pola contra, incrementarase a súa cifra con dous máis por planta, pasando das 30 actuais a un total de 40 habitacións individuais. Nas habitacións dobres quedará garantida a intimidade das persoas usuarias, unha das principais demandas trasladadas polos residentes. A obra abrangue tamén a ampliación de zonas comúns, como corredores e salas polivalentes, e a creación dun comedor en cada unha das plantas con dormitorios, desde a cuarta ata a oitava. Esta nova distribución permitirá que cada andar funcione con maior autonomía, favorecendo unha atención máis personalizada e facilitando os coidados, especialmente no caso das persoas con maior nivel de dependencia. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, destacou que a prioridade do Executivo autonómico é o benestar dos residentes e

defendeu o proxecto fronte ás polémicas xurdidas.

MANIFESTACIÓNS. Os cambios introducidos no proxecto da residencia das Gándaras prodúcense tras a mobilización sostida da cidadanía, que durante dous meses concentrouse todos os sábados diante do propio edificio para reclamar habitacións e espazos acordes ás súas necesidades. As protestas estiveron encabezadas polas persoas usuarias do centro e contaron co apoio de representantes políticos do PSOE e do BNG, que acompañaron as reivindicacións con pancartas e actos públicos. A presión social trasladouse tamén ao ámbito institucional. O BNG levou a cuestión ao Parlamento de Galicia, onde a comisión 5ª, de Sanidade, Política Social e Emprego, aprobou unha Proposición Non de Lei presentada pola deputada Olalla Rodil para instar á Xunta a abrir un proceso de diálogo coas persoas residentes. Ademais, o pleno da Deputación de Lugo acordou solicitar ao Goberno galego que rectificase o proxecto inicial da reforma. Unha vez formalizada a modificación, queda agora pendente o visto bo definitivo das persoas usuarias para pechar o proceso.

A reunión con Dano Cerebral Lugo avanza en accesibilidade

O tenente de alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, mantivo unha xuntanza coa nova directiva da asociación Dano Cerebral Lugo para coñecer as súas demandas e seguir avanzando na mellora da cidade. Durante o encontro, o responsable municipal lembrou que Lugo foi escenario dunha iniciativa promovida polo Colexio de Arquitectos Técnicos que situou á cidade entre as urbes galegas con edificios municipais máis accesibles, un aspecto relevante para as persoas con dano cerebral adquirido, xa que en numerosos casos estas lesións levan apareladas dificultades de mobilidade.

O Consello Galego de Accesibilidade desenvolveu en Lugo a primeira experiencia deste tipo grazas á colaboración da Tenencia de

Alcaldía, que facilitou que persoal dos colexios profesionais auditase as instalacións municipais desde a perspectiva da accesibilidade.

A partir da información recompilada elaborouse un sistema de clasificación por etiquetas que arrinca coa etiqueta branca, a que certifica unha accesibilidade universal plena.

Aínda que ningún edificio acadou esta distinción, serían precisas pequenas actuacións para optar á cualificación máis esixente. No seguinte nivel sitúase a etiqueta verde, que lograron o auditorio Auditorio Fuxan os Ventos e a Piscina Municipal de Frigsa. Ambos cumpren cos requisitos básicos en materia de accesibilidade e permiten un uso maioritariamente autónomo por parte das persoas usuarias.

A Ponte celebra as festas de San Lázaro entre os días 19 e 22

O barrio da Ponte celebrará San Lázaro entre os días 19 e 22 de marzo, cun programa que combina música, sesións vermú, orquestras e propostas para todos os públicos.

A programación arrancará o xoves 19 ás 12:30 horas cunha ruta de vermús polos bares do barrio acompañada pola Charanga Bamboleo, que levará a animación polas rúas da zona.

O venres 20 será unha das xornadas centrais das festas. Ás 21:30 horas terá lugar o pregón, que correrá a cargo de Susana Saqués. A continuación, servirase unha churrascada popular antes de dar paso á verbena nocturna coa Orquesta Saudade e JJ Compota,

que ofrecerá unha sesión de reggaetón e electrolatino.

O sábado 21 a actividade comezará ás 14:00 horas cunha sesión vermú amenizada por La Hora Bruja. Pola tarde, ás 17:30 horas, abrirán os carruseis para os máis pequenos, mentres que a noite estará protagonizada pola Orquesta Cinema e DJ Sonic, que actuarán a partir das 23:00 horas. As festas pecharanse o domingo 22 cunha nova sesión vermú ás 14:00 horas, nesta ocasión co Dúo Eclipse. Xa pola tarde, ás 17:30 horas, o Grupo Beatriz porá o broche final ás celebracións cunha actuación especial de fin de festa.



¡Di adiós al vello con el sistema de depilación SHR!

Depilación rápida, eficaz y segura.
Reserva tu prueba gratuita:
100% sin dolor

ORBALLO ESTÉTICA INTEGRAL E BENESTAR

Reservas mediante Whatsapp
636 384 715

Ronda das Fontiñas 320, baixo • 636 384 715 • www.orballoestetica.com



OBRASY REFORMAS JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauraciones • Acondicionamientos
Mantenimientos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106

Xabier Díaz e Mondra porán música á Gala dos Premios Mestre Mateo



O músico e investigador da tradición oral galega Xabier Díaz será o encargado de poñer banda sonora á gala dos Premios Mestre Mateo, na que se darán a coñecer as gañadoras e gañadores da súa vixésimo cuarta edición.

A música volverá ocupar un lugar central nunha cerimonia que reunirá o máis destacado do sector audiovisual galego e que estará conducida por Trisha Fernández e Federico Pérez, baixo a dirección de Marta Arévalo e cun guión asinado por Óscar Cruz.

Acompañado das Adufeiras, Xabier Díaz levará ao escenario unha proposta que revisita o cancionero popular galego desde unha perspectiva contemporánea, situando a pandeireta e o canto como elementos vertebradores dun espectáculo que dialoga entre memoria e presente. Con máis de dez anos á fronte das Adufeiras de Salitre, o artista consolidouse como unha das voces imprescindibles da música de raíz en Galicia. Ao longo da súa traxectoria formou parte de Berrogüetto e integrou o proxecto aCadaCanto, construíndo un percorrido recoñeci-

do tanto pola crítica como polo público dentro e fóra do país.

A gala contará tamén coa participación especial de Mondra, unha das figuras máis singulares da nova escena galega. Cantareiro, bailador e creador cunha forte personalidade artística, acadou ampla repercusión co seu primeiro traballo, ARDÉN, publicado en 2023, e reafirmou a súa proposta con DE RONDA, en 2025, onde combina tradición, electrónica e unha potente posta en escena. O pasado ano foi recoñecido cun Premio Mestre Mateo ao Mellor Videoclip por MARIMONDRA.

A unión de Xabier Díaz e Mondra converterá a cerimonia nun espazo de encontro entre xeracións e sensibilidades distintas, entre a raíz e a vangarda, nunha proposta musical que aspira a sorprender e emocionar ao público asistente.

A gala dos XXIV Premios Mestre Mateo celebrárase o 21 de marzo no Auditorio Fuxan os Ventos, nunha nova edición que renderá homenaxe ao talento do audiovisual galego e que volverá reivindicar a cultura propia nunha noite de celebración colectiva.

A Mostra de Teatro Clásico encherá Lugo con 11 funcións

A XXVI edición da Mostra de Teatro Clásico terá lugar ao longo do mes de marzo con once representacións que terán como escenario principal o Auditorio Municipal Gustavo Freire.

Maite Ferreiro, concelleira de Cultura, destacou que o obxectivo foi configurar unha programación ampla, de calidade e pensada para distintos públicos, mantendo a concentración das funcións nun único mes para facilitar tanto a asistencia como a difusión do ciclo.

A edición de 2026 incorporará montaxes recoñecidas en distintos certames estatais e inclúe unha aposta polas compañías galegas que están a producir textos clásicos.

Entre elas atópase "FARRA", distinguida co Premio Max 2025 ao Mellor Espectáculo Musical ou Lírico, que poderá verse o 20 de marzo; "La Loca Historia del Siglo de Oro", galardoada coa mellor dirección no Festival Nacional de Teatro Vegas Bajas e programada para o 19 de marzo; ou "CaLORCAlor", Premio OH 2023 ao Mellor Espectáculo para la Infancia, que se representará o 15 de marzo. Tamén chegará unha das compañías de referencia do teatro clásico estatal, Ron Lalá, co espectáculo "La Desconquista", o 12 de marzo.

As entradas poderán adquirirse a través do portal entradaslugo.es, cun prezo de 8 euros para os espectáculos de público adulto e 3 euros para as funcións familiares no auditorio. As persoas en situación de desemprego, menores de 30 anos, pensionistas e integrantes da AAAG disporán dun desconto do 30 por cento. Ademais, habilitarase un bono para toda a programación de adulto por 36 euros.

A Mostra comeza o 3 de marzo



no Centro Sociocultural O Vello Cárcere con "O Espírito de Vania", proposta galega de Machi Salgado con entrada gratuíta.

O 6 de marzo, Teatro Corsario levará ao escenario "El Alcalde de Zalamea". O 7 de marzo será a quenda de "Atila Furioso", de Cristóbal de Virues, a cargo de EscenaTe e Taquikardia.

O 12 de marzo Ron Lalá presentará "La Desconquista", mentres que o 13 de marzo a Companhia do Chapitô ofrecerá a súa versión minimalista de "Rey Lear". O 14 de marzo chegará "Dicha y desdicha del juego y devoción de la Virgen", de Ángela de Azevedo.

A programación continuará o 15 de marzo co espectáculo familiar "CaLORCAlor".

O 19 de marzo representárase "La Loca Historia del Siglo de Oro". O 20 de marzo será a quenda de "FARRA", produción da Compañía Nacional de Teatro Clásico e a Compañía Lucas Escobedo. O 21 de marzo, tamén en sesión familiar, poderá verse "Las abarcas desiertas", e o 22 de marzo pechará o ciclo "Artur Ui, o ovo da serpe", de Talía Teatro, unha revisión contemporánea do teatro épico de Bertolt Brecht.

Xunto á Mostra de Teatro Clásico, Maite Ferreiro presentou unha nova edición do programa de animación á lectura e contos, que se desenvolverá no MIHL ata o 23 de abril cun total de seis actividades dirixidas a diferentes franxas de idade. A concelleira explicou que a iniciativa busca achegar ás crianzas ao mundo da lectura e das bibliotecas, incorporando tamén unha perspectiva de igualdade de xénero.

O ciclo arranca o 26 de febreiro con "Hotel Paraíso", de Galeatro. O 12 de marzo será a quenda de "Toupiciencia", de A Xanela do Maxín. O 26 de marzo Marta Ortiz presentará "Tralará. Contos, obxectos e música".

O 9 de abril Pakolas ofrecerá "Ramona Órbita, a dona do tempo". O 16 de abril Trémola Teatro representará "Vamos ao recreo", e o 23 de abril, coincidindo co Día do Libro, Os Contos de Pablísimo pecharán o programa con "O Paroleiro".

Para asistir, será preciso retirar entrada gratuíta a través do portal entradaslugo.es, cun límite dunha persoa adulta acompañante por unidade familiar e un máximo de tres entradas por persoa.



Tanatorio - Crematorio de mascotas
Servicio 24 horas



644 861.417
P.E. As Gándaras, Rúa H 12-14 Local 2

Sons of Aguirre, Catalina Grande e Piñón Pequeño, na Candeloria

O Festival A Candeloria “O último berro” suma aos seus cabezas de cartel a Sons of Aguirre, Catalina Grande e Piñón Pequeño, confirmándose como os últimos grupos que completan unha programación que promete unha xornada musical intensa e diversa.

Sons of Aguirre destacan pola súa mestura de ritmos urbanos con elementos da música tradicional, creando un son potente e moderno. Catalina Grande aposta por un estilo introspectivo e experimental, combinando pop, electrónica e matices alternativos que ofrecen frescura á escena galega, mentres que Piñón Pequeño achega melodías alegres e pegadizas cun enfoque máis desenfadado, consolidándose



dose no ámbito independente. A estes tres nomes súmanse os xa confirmados Non Servium, Dakidarría, Boikot, Tremenda Jauría, Juanxto Skalari & La Rude Band, Arrhythmia, Me Fritos and the Gimme Cheetos, e Jordi Panico, conformando un cartel

ecléctico que combina propostas veteranas e novidasas.

O festival celebrarase o próximo 11 de abril no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo e, ademais das actuacións musicais, ofrecerá sesión vermú, *foodtrucks* e pasabares no barrio da Ponte.

Cántigas e Frores celebra a gala do Premio á Cultura Tradicional 2026



A asociación cultural Cántigas e Frores celebrará a Gala de Entrega do Premio Cántigas e Frores á Cultura Tradicional 2026, unha cita xa asentada no calendario cultural da cidade de Lugo que terá como escenario o Auditorio Fuxan os Ventos.

A gala, creada en 2025 por iniciativa da nova directiva da asociación, que leva pouco máis dun ano en funcionamento, naceu coa intención de reforzar e dar maior relevancia a un premio que xa se viña concedendo desde anos atrás a persoas e institucións destacadas polo seu labor de estudo, coidado, posta en valor e difusión da cultura tradicional galega. Na pasada edición, o recoñecemento recaeu no grupo de cantadeiras Leilía, nun contexto marcado pola decisión da Real Academia Galega de homenaxear ás mulleres que conservaron o legado da música tradicional galega e pola despedida da traxectoria conxunta das integrantes da formación.

Nesta ocasión, o evento xirará arredor do Museo do Pobo Galego, coincidindo coa conmemoración do seu 50 aniversario, nun recoñecemento á súa ampla traxectoria na defensa e promoción do patrimonio galego.

O público poderá realizar unha viaxe dinámica polos espazos máis representativos da súa sede, o antigo Convento de Santo Domingo de Bonaval, fundado no século XIII en Santiago de Compostela. Ao

longo da gala interpretaranse pezas musicais e de baile vinculadas directamente coas distintas salas polas que avanzará ese percorrido simbólico.

A entidade museística, considerada unha peza fundamental na conservación, investigación e divulgación da cultura tradicional, será a gran protagonista dunha gala que pretende salientar o seu labor continuado desde a súa creación. Ao longo de cinco décadas, o museo desenvolveu un intenso traballo na protección e difusión do patrimonio material e inmaterial de Galicia, superando distintas etapas e mantendo sempre un papel destacado no ámbito cultural.

O presidente da asociación, Anxo, avanzou que esta edición contará cun formato diferente ao habitual. Segundo explicou, “vai ser un evento diferente do que adoitamos facer normalmente”, deixando entrever cambios na estrutura e no desenvolvemento do acto respecto a convocatorias anteriores.

O acto contará coa presenza de integrantes do actual padroado do museo, que serán os encargados de recoller o galardón, e incluírá tamén outras sorpresas que a organización prefire manter en reserva. Desde Cántigas e Frores animan á veciñanza lucense a asistir e gozar dun espectáculo que promete combinar tradición, emoción e recoñecemento á cultura do país.

A mostra ‘Historia postal de Lugo. S. XVIII-XX’ pode visitarse no Museo

A mostra ‘Historia postal de Lugo. S. XVIII-XX’, unha exposición que reúne cartas, marcas e selos do coleccionista Andrés García Pascual que percorre máis de 150 anos de actividade postal na cidade e na súa contorna, poderá visitarse ata o vindeiro 22 de marzo no Museo Provincial de Lugo.

A proposta inclúe máis de 370 pezas que permiten coñecer a evolución dos sistemas de franqueo, os itinerarios da correspondencia e a organización do servizo de correos ao longo do tempo. Durante a inauguración, García Pascual puxo o foco en algúns documentos especialmente singulares, como a primeira marca filatélica que incorpora a inicial L, datada en 1970, así como a primeira na que figura o nome completo de Lugo, correspondente ao ano 1799.

Pola súa parte, a deputada de

Cultura, Iria Castro salientou o rigor investigador e o labor coleccionista de García Pascual como alicerce fundamental deste proxecto expositivo. Ademais, lembrou que a iniciativa comezou a xestarse en decembro do pasado ano, cando no mesmo Refectorio se presentaron un selo e unha tarxeta postal conmemorativas do Museo da Migración da Rede Museística Provincial.

A MOSTRA. A mostra estrutúrase en catro grandes bloques temáticos. O primeiro, dedicado á Historia postal da Administración Principal de Correos de Lugo nos séculos XVIII e XIX, reúne as marcas empregadas nas localidades que dependían daquela da principal lucense, incluídas as pertencentes ás antigas provincias de Lugo, Mondoñedo e Betanzos. O segundo apartado céntra-

se nas carterías da provincia de Lugo entre os séculos XIX e XX, cunha recompilación das marcas utilizadas polas distintas oficinas. O terceiro bloque aborda a historia postal da cidade de Lugo nos séculos XVIII e XIX, a través de cartas que incorporan as marcas da Administración Principal ao longo de arredor de século e medio. Finalmente, o cuarto espazo detense en Lugo durante a Guerra da Independencia e a intervención dos 100.000 Hijos de San Luís, con cartas, documentos e gravados que evidencian a relevancia estratéxica da cidade en ambos conflitos.

O percorrido complétase con tres vitrinas que albergan arredor de 130 caixas para selos dos séculos XIX e XX, así como cunha selección bibliográfica especializada procedente da colección persoal de Andrés García Pascual.



E para
DIXITALIZARSE
LUGO



Diego AS, cinco anos despois de pintar o premiado como mellor graffiti do mundo

Jessica Fernández

Diego Anido Seijas, coñecido artisticamente como Diego AS, vén de ser proposto, de novo, como artista do posible mellor mural do 2025 despois de que en 2021 o seu Xulio César se proclamase como mellor graffiti do mundo nese ano, un feito que lle cambiou a vida. “Despois do Xulio César chamáronme de moitos sitios, por toda España, e boteime á estrada; había que aproveitar o momento. Estaba moi ilusionado e moi feliz. Fun sementando, deixando pegada”.

Nese percorrido de deixar a súa pegada Diego AS un mural sobre tambores, cunha temática máis relixiosa en Moratalla, en Murcia, o que foi seleccionado para mellor mural no ano 2025 pola Plataforma Street Art Cities. Pero non só ten murais en territorio nacional, Diego AS viaxou a Porto Rico, onde pintou nunha zona na que pintaron varios artistas para rexenerala, así como en Guinea Ecuatorial ou Portugal. Pero, como bo lucense, dos que se sente máis orgulloso son dos de Lugo. De gran formato, Diego AS é autor do mural da Polbeira, en Sindicatos; o do Toxo, no HULA; que di lembralo “con especial cariño, porque é moi emotivo. Ademais, levaban dous anos detrás de min para que o fixese; estaban moi ilusionados e déronme total liberdade; foi moi bonito”. Ademais, ten o do león no Pazo dos Deportes, polo Breogán, e o Xulio César. Mentres que, de pequeno formato, en Paradai pintou un dos seus sobriños, ademais de noutros en lugares. Porén, lembra con especial agrado os graffitis que fixo na súa época adolescente. “Teño espe-

cial cariño polos primeiros, cando comecei cos murais pequenos cos meus amigos, porque foi unha etapa de moito aprendizaxe. Nutrímonos uns dos outros, sacabamos cousas positivas e fixabámonos moito na técnica”. Estabamos moi centrados no momento, nos artistas vivos, no máis moderno, e agora empezas a empaparte de cousas anteriores. Os traballos de

po dedicándose a isto. Sempre me fixei en Concepto Circo, sobre todo en Pablo Lage. Aínda que si que é verdade que, a nivel de gran formato, co Xulio César houbo un recoñecemento e a xente puido pensar que se podían facer cousas chulas e tan grandes e, a partir de aí, foi máis natural e comezaron a xurdir máis proxectos deste tipo”, pon en valor.

de gran formato, así que fixabámonos no que se facía noutros países, no norte de Europa ou en América, onde todo isto xa estaba a chegar. Aquí custaba moito que entrase porque a xente era bastante remisa a que, de súpeto, unha fachada enorme se enchese cun debuxo que puidese causar un impacto, fose bo ou malo; non se entendía. Pero era



gran formato son moi chulos, pero tamén supoñen moito máis esforzo: son murais de 10 ou 15 días, moi duros”, explica.

A pesar de ser coñecido en Lugo, Galicia, España, e fóra dela, Diego AS, caracterizado pola súa humildade, di que non se considera “pioneiro de nada”, e lembra que cando era neno e estaba comezando, “aquí xa había grandes artistas que levaban moito tem-

PASADO, PRESENTE E FUTURO. Con 37 anos, Diego volve a vista atrás e confesa que “vivir disto é un soño. Os soños sempre están aí, sempre pensas: oxalá algún día chegue a pintar murais grandes, sobre todo de gran formato, pero nunca pensei chegar a isto. Co graffiti estiven desde os 13 ata os 20 e pico; despois xa pintaba en muro legal. Naquela época, en España era moi raro ver un mural

o meu soño, algo que sempre estivo aí na miña cabeza. Creo que chegar a isto foi unha evolución natural na miña carreira e si que é verdade que, a raíz do Xulio César, houbo un antes e un despois na miña carreira, porque houbo un recoñecemento e a xente puido pensar que se podían facer cousas chulas e tan grandes. A partir de aí foi máis natural e comezaron a xurdir máis proxectos

deste tipo”, destaca.

Porén, di que “foi unha etapa moi intensa, o que supuxo tamén cansarme moito a nivel laboral. Se avalío estes cinco anos, vendo as cousas cara atrás, non sinto emoción, non puiden procesar as cousas por todo o que me veu enriba. Por iso, o ano pasado, que estaba moi saturado, tanto laboral como mentalmente, decidín parar, o que me está vindo ben”, recoñece Diego, que fala desde a sinceridade, deixando ver que, ás veces, o éxito tamén ten aspectos negativos. Así, sostén que, “ao coller tantos encargos e seguir a liña que me marcaban, deixei un pouco de lado a miña esencia e liberdade artística, que é o que quero recuperar agora para volver con máis ganas. Sempre collerei proxectos con ilusión, pero

“Os soños sempre están aí, pero nunca pensei chegar a isto. A raíz do Xulio César, houbo un antes e un despois na miña carreira, porque houbo un recoñecemento”

ireinos espazando máis para poder desfrutalos”, expresa.

Con todo, afirma que é feliz e está contento co seu traballo, porque, “como en todas as profesións, hai partes positivas e negativas; é un pouco como a vida mesma. Pero, ao final, todo é positivo porque me estou dedicando ao que me gusta, ao meu soño, á pintura, e aínda hoxe sigo descubríndome e coñecéndome. Creo que sempre estamos nun proceso de aprendizaxe e formación ata que morremos”, conclúe.

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, baixo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

**De las más prestigiosas marcas del mercado*

MARMOLES VILARO

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 • Fax 982 532 577

marmolesvilaro@hotmail.com

www.marmolesvilaro.com

O Concello tivo que arranxar o pavimento da rúa de San Fernando

O Concello de Lugo tivo que levar a cabo obras de reparación urxente do pavimento na rúa San Fernando, nas proximidades da Porta de San Fernando para emendar os danos detectados no firme. Executáronse con cargo á garantía da obra, ao atoparse aínda dentro do período establecido para este tipo de correccións, pero a Asociación de Veciños Centro de Lugo esixe ao Concello que se lles informe de xeito directo e prioritario das actuacións previstas no seu barrio. Din que, a pesar de notificar ao Concello todas as incidencias co novo pavimento durante semanas, lamentan que “a colaboración non sexa mutua”.

Así, a asociación reclamou ao Concello unha actuación efectiva e inmediata ante os problemas acumulados na Zona de Baixas Emisións (ZBE), despois de 3 anos marcados polas obras de peonalización e polas molestias derivadas destas intervencións. O colectivo asegura que, ao longo deste tempo, colaborou a diario coas distintas áreas municipais para tentar dar resposta ás incidencias xurdidas, pero considera que a situación require agora unha solución definitiva tanto ao levantamento xeneralizado do pavimento como á xestión urxente, ordenada e eficaz da propia ZBE. Desde a asociación lembran que advertiron reiteradamente ao Goberno local de que o novo firme podería deteriorarse, unha posibilidade que, segundo sinalan, foi negada de maneira constante



polos técnicos municipais. Rexeitando que se trate de incidencias illadas, sosteñen que o problema responde a unha elección inadecuada do material empregado, algo que consideran incompreensible tras a experiencia negativa previa co mesmo pavimento na rúa Quiroga Ballesteros.

MURO DO CEIP QUIROGA BALLESTEROS. O muro perimetral do CEIP Quiroga Ballesteros será arranxado polo Concello de Lugo tras analizar os informes técnicos sobre o seu estado e a súa relación coa execución das obras de peonalización entre a Porta da Muralla Bispo Odoario e a Praza do Ferrol.

As conclusións técnicas municipais indican que o muro xa presentaba deficiencias estruturais antes do inicio das obras, con derrubamentos visibles nas pilastras da entrada, tal e como acreditan imaxes e docu-

mentación gráfica previas á intervención. Durante a execución dos traballos tamén se constatou que non contaba cunha cimentación adecuada, ao asentarse sobre unha base situada á cota da rúa.

A obra de peonalización non incluía actuacións sobre o muro do centro educativo por tratarse dun elemento alleo á intervención. Con todo, procederase ao apuntalamiento provisional como medida preventiva para garantir a seguridade.

O Concello solicitou informes complementarios, nos que a empresa adxudicataria achegou unha análise topográfica comparativa que conclúe que as variacións detectadas tras a obra son mínimas e pouco significativas, dentro das marxes de tolerancia técnica. O director da obra confirmou que os danos eran preexistentes e que calquera movemento adicional sería de pequena entidade.

Denuncian os atrasos nas obras do centro de saúde da Milagrosa

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais de A Milagrosa manifestou a súa preocupación pola evolución das obras do Centro de Saúde do barrio, unha infraestrutura demandada desde hai anos e cuxa execución, segundo denuncian, progresa a un ritmo “insuficiente”.

O titular da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia anunciara o inicio dos traballos para o verán de 2025, pero a actuación comezou xa con demora debido a que no inmoble continuaba operativa a lavandería do HULA, circunstancia que impediu o arranque da intervención. O centro pechara as súas portas en xuño de 2024 e, desde entón, os máis de 10.000 pacientes adscritos foron derivados de maneira provisional ao Centro de Saúde da Residencia, un traslado que, segundo o colectivo, “se prolongou máis do razoable”.

A empresa adxudicataria fixara un prazo de execución de 18 meses, o que situaría a conclusión da obra na primavera de 2027. Porén, cando

está a piques de cumprirse un ano desde o inicio previsto, a asociación asegura que “o estado actual dos traballos dista moito do comprometido”. As persoas maiores e pacientes con mobilidade reducida vense obrigados a desprazarse en taxi ou depender de terceiras persoas para acudir ao seu médico de cabeceira. Trátase do único centro de saúde situado dentro do barrio, xa que o resto se atopan na zona da Residencia ou en Illas Canarias, en Albeiros, o que agrava a situación asistencial. Ante este escenario, a asociación dirixese ao conselleiro de Sanidade para reclamar explicacións claras sobre as causas do atraso acumulado, a presentación dun calendario actualizado, realista e verificable, a adopción de medidas inmediatas que permitan acelerar a execución e a garantía de que os 8.000 pacientes afectados —segundo as súas cifras— recuperarán o seu centro de saúde en condicións dignas e nun prazo axeitado.

Avanzan as obras do Carril das Flores coa demolición do túnel

As obras de renovación integral do Carril das Flores continúan progresando e veñen de entrar nunha nova fase coa demolición do túnel existente e o inicio da instalación da estrutura que sustentará a nova plataforma. Trátase dun paso decisivo dentro dun proxecto que pretende transformar por completo esta zona da cidade.

Nos primeiros traballos desta etapa executouse o derrubamento do túnel, unha intervención considerada fundamental para reconfigurar o espazo. Esta actuación permitirá habilitar unha nova pasarela metálica lixeira, que mellorará a visibilidade do muro orixinal e ampliará o ancho do paso inferior, gañando así en funcionalidade e integración paisaxística. A



actuación contempla a conversión do Carril das Flores nunha plataforma única con prioridade para as persoas peóns, a creación de novos espazos verdes e áreas de convivencia, así como a renovación completa das infraestruturas de servizos urbanos,

do alumado público e do sistema de drenaxe.

O tenente de alcalde, Rubén Arroxo, destacou que con este avance se dá un paso importante nun proxecto para eliminar un dos puntos con maior deterioro urbano da cidade.



Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

A Avenida Filarmónica Lucense será renovada



A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, e o alcalde de Lugo, Miguel Fernández, veñen de anunciar un novo proxecto na rúa Filarmónica Lucense, titularidade da institución provincial. Trátase dunha vía de 540 metros de lonxitude que soporta un elevado volume de tráfico diario, tanto rodado como peonil, porque dá acceso, por unha banda, a múltiples instalacións deportivas da cidade e, pola outra, a diferentes facultades do campus lucense. Carmela López avanzou que “licitamos o proxecto por case 100.000 euros, demostrando que a institución provincial está ao carón dos concellos”.

As obras que se van realizar na Avenida Filarmónica Lucense son a repavimentación con aglomerado en quente, o repintado da vía mediante marcas reflexivas brancas e a disposición da sinalización vertical necesaria. Ademais, tamén está previsto o repintado da zona de aparcamento, ao carón do Pazo dos Deportes, e a instalacións de pasos de peóns elevados. Está previsto que os traballos comencen pasada a primavera.

Nesta liña, recordou a mandataria outras colaboracións da Deputación co Concello de Lugo entre as

que destacou “as obras de desdoblamento da Avenida Infanta Elena, nas que investimos un total de 2,4 millóns de euros para anhear esta avenida de 2,7 quilómetros e dotala de carrís bici, beirarrúas ou arboredo. Fai apenas unha semana comezamos os traballos de rehabilitación dun tramo da LU-P-2902, a vía que conecta o municipio lucense con Ponte de Ombreiro, para os que achegamos máis de 210.000 euros. E tamén temos en marcha outro proxecto para levar a cabo a renovación integral da Avenida Adolfo Suárez, un dos principais accesos á capital lucense pola zona da Fervedoira”.

Pola súa banda, Miguel Fernández, resaltou que “esta intervención facilitará a mobilidade diaria de deportistas e veciños e veciñas de Lugo, porque esta rúa dá acceso a instalacións deportivas como: o Pazo Provincial dos Deportes, as pistas de atletismo e a piscina municipal das Pedreiras. Así mesmo, é unha vía moi transitada por estudantes e persoal docente do campus da Universidade porque vai desde a Facultade de Administración e Dirección de Empresas ata a Facultade de Humanidades”.

Presentado o proxecto de nova mobilidade do Concello de Lugo

A área de Mobilidade e Infraestruturas do Concello de Lugo deu a coñecer o seu proxecto de “nova mobilidade”, unha folla de ruta que, segundo explicou o tenente alcalde Rubén Arroxo, se sustenta en tres piares fundamentais: o transporte público urbano, o transporte rural a demanda e os vieiros escolares, e que se complementa co servizo interurbano que xestiona a Xunta de Galicia.

Arroxo cualificou como o proxecto “máis potente” no que está a traballar a Tenencia de Alcaldía a renovación do transporte urbano. No seu balance dos anos 2024 e 2025 destacou que se bateron todos os rexistros de persoas usuarias, subliñando que en 2025 se superaron por primeira vez os 10.000 usuarios nun so día. Con todo, advertiu que as actuais liñas resultan insuficientes e presentan limitacións derivadas da antigüidade do contrato, que establece un tope de quilometraxe que impide atender todas as zonas con demanda, como A Abella, Lamas de Prado ou As Gándaras, así como carencias tecnolóxicas, entre elas a dificultade para integrar os percorridos en aplicacións de mapas.

A previsión pasa por finalizar o contrato vixente en xuño e aprobar unha prórroga temporal de varios meses mentres se tramita a adxudicación do novo servizo. O deseño das futuras liñas elaborárase mediante xuntanzas abertas coa veciñanza en Nadela, no Centro de Convivencia Maruxa Mallo, no Centro de Convivencia Uxío Novoneira, no Centro de Convivencia María Balteira, no Centro de Convivencia de Fingoi e no Centro de Convivencia Aquilino Iglesias Alvarino. Así mesmo, habilitouse o correo mobilidade@lugo.gal para recoller propostas da cidadanía que non poida asistir, aberto ata o 15 de marzo. Cando o modelo sexa definitivo iniciárase a redacción dos pregos. Arroxo explicou que é



preciso definir o esquema de liñas para calcular o custo de licitación e o quilometraxe teórico. O novo contrato incorporará a posibilidade de ampliar o servizo para adaptarse ao crecemento urbano e a posibles novas edificacións. A área de Mobilidade fixa como meta iniciar a licitación tras o verán e tentar resolver a adxudicación antes de que remate o ano. O propósito, segundo indicou o tenente alcalde, é consolidar e incrementar o uso diario do bus urbano, garantindo conexión eficaces cos barrios, conexións sinxelas, unha frecuencia de 30 minutos e reducindo a frecuencia nos eixos principais, actualmente de 12 minutos.

No ámbito rural, Arroxo salientou a boa acollida do plan piloto de transporte a demanda, operativo de luns a venres en días laborables, que está a rexistrar unha utilización superior a prevista, con persoas usuarias todos os días desde a súa posta en marcha. A intención é avanzar cara a un prego que permita ampliar e cubrir máis zonas do rural. Na actualidade, 11 parroquias están atendidas pola liña rural do bus urbano e outras 3 pola liña 3.2, mentres que diferentes servizos interurbanos percorren as estradas de Friol, Portomarín, Ombreiro ou A Fonsagrada. No último pleno municipal presentouse unha

moción para instar a Xunta a reforzar frecuencias como as de Ombreiro, O Veral ou Santa Maria Alta, que contan con tres servizos diarios.

Ademais, na nova mobilidade intégranse os vieiros escolares, unha iniciativa que permite que 80 nenos e nenas acudan a pé ao colexio acompañados por monitores. Segundo destacou Arroxo, cada menor que participa supón un vehículo menos nas portas dos centros, reducindo problemas de tráfico e seguridade. Neste sentido, lembrou as intervencións en Gallego Tato, diante do Colexio Rosalía, nas Mercedes e as previstas na contorna da Anexa e do colexio Illa Verde, teñen o obxectivo de continuar calmando o tráfico e consolidar un cambio estrutural na mobilidade da cidade. Así, ampliouse o contrato dos vieiros escolares, incorporando unha nova ruta no colexio de Paradai, a petición da ANPA do centro. A nova ruta parte da Ronda da Muralla nº 77 (cruzamento con rúa Conde), continuando por Irmán Gómez de Carrero e rúa Río Sil ata chegar ao colexio.

Con esta ampliación, Lugo contará con oito rutas en seis centros escolares: dúas en Albeiros, dúas en Paradai, e unha en cada un dos colexios Casas, Luís Pimentel, Rosalía de Castro e As Mercedes.

Reclaman actuacións para mellorar a seguridade viaria en San Roque

A Federación de Asociacións Veciñais da Provincia de Lugo Lucus Augusti trasladou á Concellería de Vías e Obras a necesidade de acometer actuacións para reforzar a seguridade viaria en distintos puntos considerados especialmente conflictivos en San Roque. A entidade advirte de que o elevado volume de tráfico rodado, a presenza constante de peóns e os incidentes rexistrados nos últimos tempos fan imprescindible a adop-

ción de medidas que garantan a integridade das persoas que transitan por esta vía, tanto condutores como viandantes.

Piden a instalación dun paso de peóns elevado no cruzamento coa rúa Montirón, á altura dun punto de tránsito continuo onde xa existe un paso sinalizado. A Federación considera que a elevación do paso obrigaría á redución efectiva da velocidade dos vehículos e contribuíría a refor-

zar a protección das persoas peóns. Do mesmo xeito, reclama a mellora da sinalización e a implantación de medidas de calmado do tráfico no cruzamento con Pena do Rei e Marina Española, onde, segundo sinala, xa se produciron varios accidentes. Neste punto propoñen a colocación de sinalización luminosa de advertencia, a instalación de bandas reductoras de velocidade ou elementos equivalentes.

El Club de Compras Ecologico
MAS GRANDE DE AMERICA

AHORA EN LUGO

Verxel
HEBOLLARIO

Rúa Montero Ríos, 41. 27002 LUGO
Tel.: 982 251 827 • josemanuel@verxel.es
www.verxel.es

A Muralla está sendo obxecto de traballos para reparar os danos

A Xunta de Galicia está a desenvolver os traballos de recuperación e reconstrución da parte da Muralla de Lugo na que se produciron danos provocados polas intensas chuvias, cun investimento de urxencia de 150.000 euros, segundo informou o director xeral de Patrimonio Cultural, Ángel Miramontes. As actuacións céntranse no tramo comprendido entre as portas do Carme e de Santiago, estendéndose ata 12 metros para intervir tamén en parte do cubo XVI. Miramontes explicou que o desprazamento do muro produciuse ao non poder soportar o empuxe da auga acumulada, debido á ausencia dun sistema eficaz de drenaxe. Esta zona non forma parte do trazado orixinal, senón dunha reconstrución realizada nos anos vinte do século pasado.

O delegado territorial, Javier Arias, destacou que a caída foi consecuencia dunha “situación atmosférica excepcional” e que se realizará unha inspección completa de todo o trazado para descartar danos noutras zonas, aproveitando os sistemas de monitorización incluídos no Plan Director. A Xunta destacou a rapidez na resposta, activando medios técnicos e humanos para ga-



rantir a seguridade das persoas e preservar a integridade dun ben histórico, cultural e simbólico fundamental para Lugo. Paralelamente, durante as obras, localizouse unha antiga escaleira, como anunciou o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, que será documentada e integrada para reconstruír parte da historia do monumento.

O conselleiro avanzou tamén un contrato de un millón de euros para os exercicios 2026 e 2027 destinado á conservación e mantemento da Muralla, cumprindo estritamente o Plan Director. Pola súa parte, o BNG reivindi-

cou a necesidade de dotar á Muralla dos recursos necesarios, apuntando a deficiencias na limpeza e retirada de herbas ao longo de todo o ano, así como episodios recentes de falta de mantemento, como o apagado das luces días antes do 25 aniversario da declaración como Patrimonio da Humanidade. A deputada Olalla Rodil incidiu en que a Muralla é “o emblema de Lugo e de Galiza” e anunciou un seguimento rigoroso no Parlamento para garantir que se cumpran os compromisos e que o monumento conte con todos os recursos necesarios para a súa conservación continua.

Reforzan a drenaxe do barrio do Castiñeiro

O Concello de Lugo está a desenvolver unha actuación para reforzar o sistema de drenaxe no barrio do Castiñeiro, con 94.470,22 euros para optimizar a rede de saneamento e xestionar as augas pluviais na contorna da Praza do Castiñeiro e da rúa Lamas de Prado. A intervención céntrase nun punto baixo no que, durante episodios de choiva intensa, conflúen caudais procedentes de varias rúas, xerando sobrecargas na infraestrutura existente.

O proxecto aborda o comportamento hidráulico da zona e contempla a execución de novos colectores de maior diámetro, así como a creación dun *bypass* de alivio que permitirá redistribuír os fluxos de auga e reducir a presión sobre a rede actual. Tamén se inclúe a substitución e reorganización de pozos de saneamento, a mellora das conexións entre colectores e a instalación de novos sumidoiros para captar a auga superficial. Ademais, habilitaranse conexións cara a outras rúas próximas para repartir os caudais e evitar que todo o fluxo se concentre nun único punto, como sucedía ata o de agora.

Leváronse a cabo obras de conexión á rede municipal de auga potable en seis fontes

Finalizan as obras de conexión á rede municipal de auga potable en seis fontes públicas da cidade, unha intervención que garante o seu correcto funcionamento e mellora as infraestruturas hidráulicas en distintos barrios.

Os traballos, cun investimento total de 29.675,25 euros, culminaron coa instalación dunha nova fonte de auga potable e dunha ornamental no parque do Camiño de Romai, en Albeiros.

As intervencións realizáronse en catro fontes no barrio da Ponte —en Fermín Rivera, Pontegaos, antiga estrada de Santiago e Reboredo— con acometidas, instalación de tubaxes, arquetas prefabricadas, chaves de paso e reposición de pavimentos. No parque do Camiño de Romai, executouse a nova fonte potábel e outra ornamental, coa correspondente

instalación e conexión á rede municipal.

Segundo o alcalde, Miguel Fernández, “esta actuación responde ao compromiso do Goberno local coa mellora continua dos servizos públicos e coa modernización das infraestruturas municipais. Actuamos sobre elementos moi vinculados á vida cotiá dos barrios, asegurando a súa conexión á rede municipal e mellorando a súa eficiencia”.

O rexedor destacou que “cada pequena actuación contribúe a construír unha cidade máis coidada e funcional, mellorando a seguridade e o uso do espazo público”. O Concello continuará investindo na modernización das infraestruturas municipais, priorizando obras que impacten directamente na calidade de vida da cidadanía.

A veciñanza conta con aparcadoiros mellorados

O Concello de Lugo formaliza a recepción do aparcadoiro da avenida de Avenida de Breogán unha vez que a Xunta de Galicia emendou as eivas sinaladas polos servizos técnicos municipais no proceso de revisión previo á súa apertura. A dotación acumulaba máis dun ano de demora debido a problemas na execución que impedían a súa incorporación ao patrimonio municipal ao non cumprir as condicións mínimas esixibles para a súa posta en funcionamento.

Esta situación obrigou a alongar o procedemento administrativo ata garantir que as instalacións se atopasen en correcto estado, nunha zona da cidade con alta demanda de prazas de estacionamento. Entre as intervencións levadas a cabo pola administración autonómica inclúese a limpeza integral do colector DN800 existente na área, así como tarefas adicionais de mantemento e unha nova inspección mediante videocámara, para a que foi preciso obturar e desviar temporalmente o fluxo co fin de comprobar o estado da condución.

Do mesmo xeito, acometéronse

melloras nas zonas verdes, con traballos de roza e sega, achega e nivelación de terra vexetal, sementeira nas superficies sen céspede, abonado e plantación de novas árbores e arbustos, ademais doutras actuacións de limpeza e axustes complementarios executados nos últimos meses.

Unha vez completados os trámites administrativos, o Concello integrará o aparcadoiro na rede municipal de estacionamentos disuasorios, co obxectivo de mellorar a mobilidade urbana e ofrecer novas alternativas tanto ás persoas residentes como ás usuarias dos equipamentos e servizos situados na contorna.

APARCADOIRO DO SEMINARIO.

A área de Mobilidade actualizou a sinalización de acceso ao aparcadoiro do Seminario, na avenida Anxo López Pérez. Este espazo mantense aberto ao público fóra do horario de atención do Concello, é dicir, de 15:30 a 22:00 horas de luns a xoves, de 15:30 a 00:00 horas os venres e de 10:00 a 00:00 horas durante os fins de semana.



¡LA COMUNIÓN DE TUS SUEÑOS!

TORRE DE NUÑEZ Hotel



✉ banquetes@hoteltorredenunez.com

☎ 982 30 40 40

☎ 676 75 52 78

O río Miño, un ben ambiental desaproveitado en Lugo

En Lugo, a relación entre a cidade e o seu río máis emblemático, o río Miño, segue a ser motivo de crítica e insatisfacción por parte da sociedade civil. Mentres o Concello presume de apostar pola posta en valor do seu patrimonio natural, a realidade evidencia unha clara desconexión entre os discursos oficiais e as necesidades reais da veciñanza, que leva anos reclamando instalacións públicas que permitan gozar do río de forma segura, sostible e inclusiva.

Un dos casos máis paradigmáticos desta desconexión son as Caldas do Miño, un proxecto pensado como espazo de lecer e benestar vinculado ao río. Malia a súa ambición inicial, as instalacións levan meses pechadas e xa foran clausuradas en distintas ocasións por casos de lexionela. Este historial de interrupcións reiteradas evidencia non só problemas de mantemento e xestión, senón tamén unha planificación deficiente que impide que a cidadanía disfrute dun recurso que podería converterse nun eixo social e ambiental. Partidos da oposición e sectores da sociedade lucense in-

nómico realizado —máis de 1,4 millóns de euros— non se traduce en servizo público efectivo nin en beneficio constante para a veciñanza. Frente a esta realidade, o Concello prioriza outros proxectos que non responden directamente á demanda de uso público do río. Un exemplo é a rehabilitación da antiga Fábrica da Luz, que se atopa na súa fase final e que, segundo os plans municipais, estará rematada na primavera.

O proxecto responde ao Plan de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) e ten como obxectivo transformar o inmobile nun centro enogastronómico divulgativo destinado á promoción de produtos locais, á celebración de eventos, a actividades formativas e á difusión da cultura gastronómica e vitivinícola da provincia. As intervencións prevén recuperar as fachadas, renovar carpinterías, mellorar a estanqueidade fronte a posibles crecidas do río e actualizar as instalacións interiores, sempre respectando a estrutura orixinal e o carácter histórico do edificio.

A finalidade da intervención, enfo-

consideran que este espazo sería ideal para crear unha praia fluvial e un acceso acondicionado ao cañeiro, permitindo que todas as persoas poidan bañarse e interactuar coa natureza. A situación evidencia unha falta de prioridades claras: mentres se invisten recursos na rehabilitación para usos turísticos e educativos, non se dá resposta ás demandas básicas de ocio e contacto coa natureza que xa existen na sociedade.

Outro proxecto que xerou debate é o do Muiño de Olga, rehabilitado coa inversión da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, que superará os 750.000 euros para ceder o uso á Universidade de Santiago de Compostela. O edificio converterase nun punto de divulgación científica do Campus Terra, dedicado á hidroloxía, xestión de recursos hídricos, fauna, flora, construcións e etnografía do río. O proxecto cumpre o convenio asinado en xullo de 2023 entre ambas institucións, que contempla tanto a modificación do proxecto inicial como a execución da obra, dirección, vixilancia e coordinación de seguridade, cun prazo estimado de 7 meses.

A pesar da relevancia científica e educativa deste proxecto, o centro ten unha tendencia a inundarse polo medio do curso, tanto en inverno como en primavera, momentos clave para o seu uso. Ademais, voces críticas da sociedade luguesa consideran que investir máis de tres cuartos de millón de euros nun centro de divulgación representa unha oportunidade perdida para mellorar a accesibilidade ao río e dotar a Lugo dunha infraestrutura pública que permita disfrutar do Miño.

A FUTURA PRAIA FLUVIAL. Con todo, o futuro apunta a que a praia fluvial de Lugo se situará na zona dos Robles, xa que o pasado 1 de xullo de 2025, nun encontro entre o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, e o alcalde de Lugo, Miguel Fernández, alcanzouse un compromiso formal para instalar unha praia fluvial na zona de Os Robles, un espazo entre este barrio e a Fábrica da Luz que historicamente servira de lugar de baño para os veciños.

Naquela cita, Fernández destacou que se trataba dunha demanda que durante anos “foi freada” e que agora ambas administracións acordaran traballar xuntas para materializala mediante un protocolo de actuación, así como avanzar nun estudo de impacto ambiental e outras fases técnicas necesarias para converter a idea en realidade.

Para moitos habitantes de Lugo, este compromiso supuxo unha luz de esperanza: a posibilidade de



contar cunha infraestrutura que permita acceso directo ao baño no Miño, con espazos acondicionados para as persoas, as familias, os deportistas e os grupos sociais, algo que ata agora só existía de forma informal e sen regulación.

Porén, tamén xurdiron voces críticas que lembraron que os acordos políticos non sempre se traducen en actuacións concretas nin en prazos claros, deixando novamente en mans da burocracia e da falta de prioridade real o futuro dese proxecto.

Aínda que a vontade expresa de traballar e acordar a praia fluvial foi recoñecida polas administracións, os pasos posteriores —como a redacción e aprobación do tal protocolo conxunto, a realización dos estudos ambientais, a obtención de fondos e, por fin, o inicio das obras— seguen a ser cuestións por resolver.

A lectura combinada dos casos das Caldas do Miño, da Fábrica da Luz e dos compromisos sobre a praia fluvial deixa ver un patrón de diferentes prioridades. Mentres as administracións falan de postos de emprego, turismo, dinamización económica, divulgación cultural ou enogastronómica, para a veciñanza é evidente que esa perspectiva non sempre implica a creación de espazos públicos directos, accesibles e continuados no río.

A crítica, por tanto, non se sitúa contra a rehabilitación patrimonial nin contra a posta en valor da gastronomía ou o turismo. Sitúase en que esas actuacións non se tra-

ducen en espazos públicos de uso colectivo que permitan á sociedade disfrutar dun dos seus maiores recursos ambientais: o río Miño.

O río Miño é un ben ambiental extraordinario, parte esencial da identidade de Lugo e un recurso que, ben xestionado, pode contribuir ao benestar, á cohesión social e á calidade de vida da cidadanía. O que si é evidente é que a posta en valor do río como espazo de uso público está pendente dunha vontade política consistente, dunha planificación integral e dunha asignación de prioridades que sitúe ao veciño e á veciña no centro das decisións.

Se proxectos como as Caldas do Miño non se mantiveron abertos nin se adaptaron para garantir un uso continuado; se a rehabilitación da Fábrica da Luz se reorientou cara a usos especializados que non responden directamente ás demandas cidadás de acceso ao baño; e se as promesas sobre a praia fluvial aínda tardan en traducirse en accións concretas, o risco é que Lugo siga a contemplar o Miño como unha paisaxe admirable, pero non como un ben vivido e accesible.

A sociedade lucense quere e merece espazos públicos reais, seguros e duradeiros, e non só anuncios nin proxectos que quedan en cuestións pendentes. O río Miño ten que ser algo máis que unha imaxe ou un recurso turístico: debe ser un espazo de convivencia, de lecer e de vida para todas e todos.



sistiron en demandar alternativas para reorientar o uso das Caldas, subliñando que o investimento eco-

cada a recuperar o edificio histórico do arquitecto Eloy Maquieira, é criticada por moitos lucenses, que

Reproches entre o Concello de Lugo e a Xunta pola rúa Serra de Meira

O Concello de Lugo denuncia que a Xunta de Galicia está a “obstaculizar a tramitación do convenio necesario para acometer a mellora da rúa Serra de Meira ao non remitir o proxecto construtivo da intervención”, un documento imprescindible para continuar coa tramitación administrativa. Segundo explica o Executivo municipal, esta documentación foi solicitada “en reiteradas ocasións á Consellería correspondente, sen que ata o momento fora enviada á Administración local”. A ausencia deste proxecto impide que os servizos municipais de Enxeñaría e Urbanismo poidan emitir os informes preceptivos, polo que o procedemento non pode avanzar. O Goberno local subliña que “se trata dunha condición indispensable para formalizar o acordo entre ambas administracións e que, sen ese paso previo, o expediente queda paralizado”.

O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, lembra que esta actuación está integrada no Plan Paradaí e asegura que tanto o Concello como a CHMS xa cumpriron os compromisos asumidos. O rexedor presumiu de ser el quen logrou desbloquear a situación tras a reunión coa conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, na que se acordou que a administración autonómica asumiría o 100 % do custo da obra. Porén, segundo afirma, ese compromiso non quedou reflectido no texto do convenio remitido posteriormente ao Concello.

O Executivo lembra que o deterioro da vía, unido ao elevado volume de tráfico e ás condicións meteorolóxicas, continúa provocando problemas de seguridade e mobilidade para a veciñanza, polo que consi-



dera prioritario que a Xunta materialice a actuación comprometida, xa que, din, o Concello está “preparado para activar de inmediato o procedemento e poñer os terreos á disposición en canto a Xunta cumpra coa súa obriga de enviar o proxecto”.

CONTESTACIÓN DA XUNTA. O delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo, Javier Arias, instou ao Concello de Lugo a asinar “sen máis dilacións” o convenio de colaboración necesario para iniciar as obras de urbanización na rúa Serra de Meira. Arias manifestou a súa sorpresa polas declaracións do alcalde sobre a tramitación do acordo e lembrou que o rexedor é “coñecedor do proxecto”, que foi consensuado previamente en reunións entre representantes de ambas administracións. Segundo indicou, “non ten sentido seguir buscando excusas para atrasar unha actuación importante e demandada pola cidadanía”, especialmente cando será a Xunta quen asuma o financiamento íntegro dos traballos, que supera os 1,1 millóns de euros nun-

ha vía de titularidade municipal.

O delegado sostén que o Goberno galego “está a cumprir coas súas obrigas” e considera que é o Concello o que está a bloquear unha intervención que cualifica de prioritaria. Co obxectivo de axilizar os trámites, confirmou que o proxecto construtivo será remitido ao Concello “sen problema algún”.

A previsión da Xunta é licitar as obras no primeiro semestre de 2026 e iniciar os traballos a continuación. Para iso, resulta imprescindible a sinatura do convenio, dispoñible para a súa formalización desde o pasado 21 de xaneiro, xa que permitirá que o Concello poña a disposición os terreos municipais necesarios.

A actuación contempla a mellora e ampliación da rúa no tramo comprendido entre as glorietas de Serra de Meira e da avenida Adolfo Suárez. Inclúe pavimentación da calzada, execución de novas beirarrúas, mellora das sendas peonís, xardinería, instalación de mobiliario urbano e renovación de servizos municipais, entre outras intervencións.

O Concello pide axustes urbanísticos ao PAI do Sagrado Corazón



O Servizo de Urbanismo do Concello de Lugo trasladou á Xunta de Galicia o informe técnico municipal sobre o proxecto do PAI (Proxecto de Actuación Integrada) do Sagrado Corazón, promovido pola administración autonómica para desenvolver o sector S-5.R con vivenda sometida a protección pública.

O Goberno local considera que ampliar a oferta de vivenda accesible encaixa plenamente co Plan Municipal de Vivenda e coa demanda existente na cidade. Porén, entende que o proxecto debe executarse cunha adecuada integración no tecido urbano e no plantexamento vixente, polo que formula diversas recomendacións técnicas.

Entre as cuestións sinaladas figura a edificabilidade prevista, que o proxecto autonómico eleva ata 1,10 m²/m² fronte ao 0,90 m²/m² recollido no Plan Xeral. Aínda que o incremento é legalmente viable, o Concello aconsella manter o parámetro actual para reducir impactos paisaxísticos e presión sobre as infraestruturas.

En canto ás zonas verdes, solicítase unha mellor xustificación da súa superficie e localización para optimizar a conexión co ámbito residencial. No apartado viario, advírtese da necesidade de reforzar accesos como a Calzada das Gándaras e a rúa Serra de Meira, actuacións vinculadas ao Plan Paradaí.

O informe lembra tamén a obrigatoriedade de ceder ao patrimonio municipal os terreos destinados a sistemas xerais e pide concretar prazos e parámetros edificatorios. O Concello reafirma así a súa vontade de colaboración institucional para garantir un crecemento ordenado e sostible.

ADEGA. A organización ecoloxista ADEGA-Lugo presentou alegacións ao proxecto que pretende crear solo para a construción de vivenda no barrio do Sagrado Corazón. A entidade considera que os 15 días dispoñibles para analizar un proxecto desta magnitude resultan “insuficientes para avaliar o seu impacto territorial, so-

cial e ambiental sobre a cidade”.

ADEGA sinala que o proxecto aposta por continuar a expansión urbana sobre solo natural na periferia, cando Lugo xa dispón dun volume significativo de solo urbano desenvolvido e sen edificar, así como dunha importante cifra de vivendas baleiras. Segundo o censo de 2021 do Instituto Nacional de Estatística, o concello conta con 10.728 vivendas deshabitadas, o que supón o 17,12 % do total. Antes de consumir novo solo, a entidade defende a posta en marcha de políticas efectivas para mobilizar vivenda baleira e impulsar a rehabilitación urbana.

A organización tamén alerta de que concentrar máis do 80 % da vivenda protexida na mesma zona favorece a segregación social e económica, contradicindo os principios de cohesión social recollidos na lexislación urbanística galega. O modelo proposto perpetúa unha cidade dispersa, dependente do vehículo privado, máis custosa de manter e menos sostible desde o punto de vista ambiental.

ADEGA lembra que a Lei 1/2019 de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas de Galicia, xunto con directrices internacionais como a Axenda 2030 e a Nova Axenda Urbana das Nacións Unidas, priorizan a renovación, rexeneración e rehabilitación dos espazos urbanos existentes fronte á expansión sobre novos solos. As alegacións tamén destacan deficiencias na memoria de impacto de xénero na análise da mobilidade peonil nunha zona con topografía complexa, na integración co tecido urbano e na configuración dos espazos públicos. A entidade considera esencial garantir percorridos accesibles, evitar illamentos e promover unha mestura de usos que favoreza a vida urbana, a seguridade e a cohesión social.

Por estas razóns, a organización solicita unha revisión do proxecto e a apertura dun debate público sobre o futuro urbanístico de Lugo, centrado no interese xeral, a sustentabilidade ambiental e a xustiza social.

Esixen unha actuación urxente ante un vertido de augas fecais no río Rato

O Grupo Municipal do Partido Popular en Lugo vén de sumarse ás denuncias formuladas pola veciñanza de Ponte Romai e Casas Vellas e reclama ao goberno local “unha actuación urxente ante un vertido de augas fecais no Rato, así como asegurar a rúa na que está que pode colapsar”, unha problemática que xa fora advertida pola Asociación Gatos Roxos das Gándaras.

Segundo explican os populares, no cruce de Casas Vellas, Ponte Romai e rúa da Soidade rebentou un colector hai máis de medio ano, o que provoca desde entón un vertido continuo de augas fecais ao río Rato. Para o PP, trátase dunha situación “inacepta-

ble” desde o punto de vista ambiental e unha mostra do abandono, da falta de xestión e do que cualifican como falso respecto polo medio ambiente por parte do executivo municipal.

A esta problemática súmase, ademais, unha cuestión de seguridade viaria. No mesmo punto existe un socavón e a calzada presenta fendas que fan temer que poida ceder en calquera momento, provocando o colapso da vía nese tramo. Os populares lembran que se trata dunha rúa con tráfico habitual, empregada como acceso ao polígono do Ceao desde Ponte Romai.

A veciñanza presentou escritos tanto

no Concello como na Confederación Hidrográfica do Norte para advertir da situación. Porén, segundo denuncian desde o PP, a única resposta do goberno local foi a colocación de valos, unha medida que consideran claramente insuficiente para garantir a seguridade de vehículos e peóns. Ante esta situación, o Grupo Popular anunciará a presentación dun rogo no vindeiro pleno co obxectivo de que se adopten medidas inmediatas. “Non se pode mirar para outro lado ante un vertido fecal a un río e ante un risco evidente para vehículos e persoas. Esiximos unha actuación inmediata para reparar o colector, eliminar o vertido e asegurar a vía.

Impulsan un novo curso de poda de árbores en Piugos e en Santa Cristina de San Román



A Área de Participación do Concello de Lugo vén de promover novos cursos de poda de árbores froiteiras nas parroquias de Piugos e Santa Cristina de San Román, dúas iniciativas que rexistraron unha destacada resposta por parte da veciñanza e que confirman o interese que espertan este tipo de propostas no ámbito rural.

A concelleira responsable da área, Cristina López, participou nas actividades e puxo en valor a alta participación acadada, subliñando que se trata de formacións que responden directamente ás peticións trasladadas polas propias parroquias. Segundo explicou, o obxectivo do Concello é achegar ao rural aquelas accións formativas demandadas pola cidadanía, facilitando o acceso ao coñecemento sen que as persoas interesadas teñan que realizar desprazamentos.

Os cursos céntranse nas técnicas básicas de poda, un aspecto fundamental para garantir unha produción axeitada e un desen-

vovemento saudable das árbores froiteiras. Ao longo das sesións, as persoas participantes tiveron a oportunidade de combinar contidos teóricos con explicacións prácticas, abordando cuestións como os momentos máis adecuados para realizar a intervención ou o emprego correcto das ferramentas segundo o tipo de corte necesario.

A edil destacou tamén a vertente social destas iniciativas, máis alá da súa compoñente técnica. Ao seu xuízo, este tipo de actividades contribúen a fortalecer o tecido comunitario, fomentan a participación activa da veciñanza e serven de apoio ás asociacións parroquiais, ao tempo que permiten seguir ofrecendo recursos formativos de calidade no territorio. Estas accións inscribíense na programación anual que desenvolve a Área de Participación co propósito de dinamizar o rural lucense e promover a aprendizaxe continua entre a poboación.

A veciñanza de Galegos transmitiu as súas demandas

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, xunto coa concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, visitaron o local da Asociación de Veciños de Galegos co obxectivo de coñecer o seu estado actual e recoller de primeira man as peticións e necesidades trasladadas polos veciños e veciñas.

Durante a visita, estiveron acompañados pola presidenta da asociación, outros membros do barrio e técnicos municipais, que puideron avaliar sobre o terreo as cuestións expostas e analizar posibles actuacións de mellora. O encontro permitiu coñecer en detalle a situación

do local e as demandas principais da veciñanza usuaria deste espazo. Rubén Arroxo destacou que “os locais sociais son fundamentais para facer barrio e fortalecer o tecido asociativo, polo que dende a Tenencia de Alcaldía mantemos unha comunicación permanente coas asociacións para coñecer de primeira man calquera necesidade e actuar con axilidade”.

O tenente alcalde engadiu que “o diálogo directo coa veciñanza e coas directivas é clave para garantir que estes espazos estean nas mellores condicións posibles e respondan ás necesidades reais do barrio”.

O transporte rural a demanda é xa unha realidade no municipio

O novo servizo municipal de transporte rural a demanda ofrece transporte público nas zonas ás que non chegan nin o bus urbano nin o metropolitano. O dispositivo presta servizo de luns a venres e conectará os núcleos de Vilachá, Labio, O Pondelo e As Regas con catro frecuencias diarias. As saídas cara a Sindicatos realizaranse ás 8:35, 12:35, 16:25 e 20:55, mentres que as conexións co HULA serán ás 8:25, 12:35, 16:15 e 20:45.

O plan conta cun orzamento de 15.000 euros e manterase activo ata esgotar a partida económica prevista e a tarifa é de 0,64 euros por traxecto, o mesmo importe que un billete do bus urbano. As persoas residentes nos núcleos incluídos poderán reservar o transporte chamando ao 982 213 377 antes das 22 horas do día anterior ao desprazamento.

A elección desta primeira ruta responde á demanda existente nas parroquias incluídas, aínda que desde o Concello xa se avanza que a intención é ir estendendo progresivamente o servizo a máis zonas. “É unha fórmula eficiente que garante mobilidade, igualdade de acceso aos servizos e fixación de poboación no rural”, sostivo o responsable municipal, incidindo en que se trata dun servizo especialmen-



te beneficioso para as persoas maiores e para quen precisa desprazarse a centros sanitarios ou administrativos.

Rubén Arroxo detallou que esta experiencia piloto desenvolverase durante os vindeiros meses e permitirá avaliar as necesidades reais e o grao de utilización por parte da veciñanza, co obxectivo de planificar a súa extensión a outras parroquias.

Trátase dun servizo pensado para garantir o acceso ao transporte público en zonas onde o bus urbano non resulta viable, mantendo condicións equiparables ás das liñas regulares en canto a horarios, paradas e prezo.

A presentación contou coa participación do tenente alcalde

e concelleiro de Mobilidade, Rubén Arroxo, quen sostivo que este é “un servizo pioneiro que converterá a Lugo na segunda cidade galega en contar con transporte público nas zonas nas que non pode chegar o transporte urbano ou metropolitano”.

Segundo explicou Arroxo, o transporte rural a demanda funciona “como un bus”, xa que, aínda que o vehículo sexa un taxi, conta con paradas predefinidas, horarios fixos e un itinerario concreto. “Non é un servizo á carta”, precisou, subliñando que a veciñanza non pode baixar onde queira, senón nas paradas establecidas, do mesmo xeito que ocorre co transporte urbano.

Traballárase nos accesos a núcleos das parroquias de Coeses e Ribas de Miño

A Área de Medio Rural do Concello de Lugo destinará 122.481 euros á mellora dos accesos aos núcleos de Trasfontao e Pollido, na parroquia de Coeses, e ao lugar de Ribadelo, en Ribas de Miño, dentro da planificación municipal para reforzar as infraestruturas viarias no rural.

O Concello decidiu canalizar estas actuacións a través do Plan de Mellora de Camiños Rurais AGADER 2026-2027, optimizando os recursos dispoñibles e asegurando financiamento para actuacións prioritarias.

As intervencións foron determinadas pola área de Medio Rural aplicando o Plan Director de Mellora Integral das Parroquias, tendo en conta criterios técnicos como o nivel de uso veciñal, o estado de deterioro dos firmes e a necesidade de garantir condicións adecuadas de seguridade e transitabilidade.

O alcalde de Lugo, Miguel Fernán-




dez, destacou que estas obras responden a unha necesidade técnica e forman parte dun compromiso sosti-

do coa dignificación do rural lucense. “O noso rural ten as súas necesidades particulares e a renovación dos accesos aos núcleos é unha delas, porque falamos de servizos básicos, de seguridade e de igualdade de

oportunidades. Investir nos camiños é investir en cohesión territorial e en xustiza para as nosas parroquias”.

As obras permitirán reforzar o firme, mellorar a drenaxe e garantir unha circulación máis segura, facilitando os desprazamentos diarios da veciñanza e o acceso a explotacións agrogandeiras e vivendas.



E para **DIXITALIZARSE** LUGO

A DEPUTACIÓN COA DIXITALIZACIÓN

Máis de 600 obradoiros para reducir a fenda tecnolóxica na provincia: a clave do programa da Deputación E para dixitalizarse, Lugo

Esta iniciativa, financiada con 750.000 euros de fondos europeos, desenvolverase ata finais do mes de marzo e nela inclúense accións formativas presenciais e gratuítas coas que achegar as novas tecnoloxías aos veciños e veciñas




A Deputación de Lugo ten en marcha o programa E para dixitalizarse, Lugo, un proxecto pioneiro no que se inclúen máis de 600 cursos, gratuítos e presenciais, cos que achegar as novas tecnoloxías á veciñanza, reducir a fenda dixital e fomentar a in-

clusión no territorio. O proxecto, que comezou en setembro e se prolongará ata finais de marzo, está financiado con 750.000 euros de fondos europeos captados pola institución provincial ao abeiro do Reto Rural Dixital, dentro do Plan de Recupera-

ción, Transformación e Resiliencia da Unión Europea.

O programa inclúe formacións nos concellos da provincia de menos de 5.000 habitantes e está pensando para que poidan participar persoas de todas as idades e colectivos, aínda que

se dirixe, especialmente, ás persoas maiores, para que gañen autonomía; á xente nova para que poidan reforzar as súas competencias dixitais; a persoas que se atopan en situación de desemprego; ou a mulleres rurais.





As formacións deseñáronse co obxectivo de que os participantes adquiran ou melloren coñecementos sobre o uso do ordenador ou o teléfono móbil; a firma dixital, a Chave 365 ou a sede electrónica das administracións.

Ademais, tamén se inclúen obradoiros sobre a banca electrónica; o uso seguro e responsable de Internet; plataformas de ali-

mentación, deporte e vida saudable; así como propostas relacionadas coa ciberseguridade ou a procura de emprego online. As persoas interesadas en consultar máis información sobre este proxecto ou que desexan anotarse nalgún dos cursos previstos para principios de marzo poden formalizar a súa inscrición na web: <https://yparadigitalizarse-lugo.com/>.



E para
DIXITALIZARSE
LUGO



AO NOSO CARÓN

A Deputación de Lugo licita obras para mellorar estradas rurais

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou novos investimentos para a mellora de estradas provinciais, especialmente nas zonas rurais e con baixa densidade de poboación, consideradas “esenciais na mobilidade diaria da veciñanza, claves para o acceso a servizos básicos e imprescindibles para actividades económicas agrarias, forestais e turísticas”, segundo destacou Pilar Porto. Entre os concellos de Lugo e O Corgo licitáronse traballos para mellorar preto de catro quilómetros da LU-P-2904, que parte de Conturiz desde a N-VI e actúa como entrada e saída da capital lucense. A rehabilitación afectará a un treito de 3,7 quilómetros, que comeza na Rañoá, na parroquia de Cela, e finaliza en Vilarmosteiro, no Páramo, desde o punto quilométrico 13,6 ao 17,4, incluíndo tamén a mellora de 400 metros do tramo antigo no acceso a Vilarmosteiro. O proxecto conta cun orzamento de 294.563,31 euros e un prazo de execución de catro

meses, e inclúe apertura de cunetas, pavimentación con aglomerado en quente e reposición da sinalización. Recentemente, a Deputación mellorara o tramo inicial desta estrada cun investimento de 230.000 euros, polo que con esta actuación a vía quedará renovada na súa totalidade. Na Montaña, tamén se licitou a mellora da estrada LU-P-1901, que conecta a Fonsagrada co eixo cara Asturias por Navia de Suarna. Os traballos afectarán ao tramo entre Santiso e o núcleo urbano da Fonsagrada, desde o pk 6,4 ao 9,5, cun prazo de execución de catro meses e un orzamento de 311.311,57 euros. As actuacións incluírán reapertura de cunetas, pavimentación do firme con aglomerado e reposición da sinalización. Pilar Porto lembrou que a Deputación xa actuara recentemente noutros tramos desta estrada, cun investimento superior a 225.000 euros, concretamente entre Lamas e Santiso e na zona de Queizán, ao sur do concello de Navia de Suarna.

Avanzan as obras de conservación no firme da N-540, en Calde

A subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia López, informou da reanudación das obras de reparación da N-540 ao seu paso por Calde, unha actuación moi demandada pola veciñanza e polos usuarios desta vía. Segundo explicou, “os traballos retomáronse en canto as condicións meteorolóxicas o permitiron”, dando continuidade a un compromiso adquirido polo Goberno de España a través do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible. A intervención permitirá solucionar os graves problemas de deterioro que este tramo arrastraba desde hai anos e que se viron agravados pola climatoloxía adversa das últimas semanas. A subdelegada subliñou que esta actuación forma parte do programa de conservación e mantemento da Rede de Estradas do Estado, no que o Ministerio leva investidos máis de 120 millóns de euros na provincia de Lugo desde xuño de 2018. Durante a visita, na que estivo acompañada por persoal técnico da Demarcación de Estradas do Estado, López incidiu no carácter estrutural da actuación e remarcou que non se trata dunha intervención illada, senón dunha liña de traballo continuada orientada á mellora progresiva da rede estatal na provincia de Lugo. A subdelegada explicou que estas ta-



refas están incluídas no contrato plurianual de conservación de firmes da Rede de Estradas do Estado na provincia. Neste primeiro treito en Calde estanse a realizar labores de fresado do pavimento e reposición da mestura bituminosa, cun dispositivo de sinalización que minimiza as afeccións ao tráfico. Unha vez rematada esta fase, está previsto continuar coa execución do contrato integral xa adxudicado na propia N-540, actuando nos puntos que presentan un maior deterioro, como o tramo entre Chantada e Carballedo. Estas intervencións forman parte, ademais, dunha planificación máis ampla que afecta a distintas estradas

estatais da provincia, co obxectivo de renovar de maneira progresiva os firmes e reforzar as condicións de seguridade e comodidade para as persoas usuarias. “A mellora da rede estatal en Lugo é unha prioridade sostida no tempo. Actuamos con planificación, con investimento e con criterios técnicos”, asegurou. Ademais, apelou á corresponsabilidade do resto das administracións públicas, sinalando que o Executivo central cumpre coas súas competencias e responde con feitos, e expresou a súa confianza en que outras institucións, como a Xunta de Galicia, actúen coa mesma responsabilidade nas vías da súa titularidade.

O populismo dixital

O PUPITRE



Julio Díaz

Escribí eu no meu “pupitre” de xaneiro “acompañar e non prohibir” onde falaba da prohibición do uso das redes en Australia, e mira ti por onde non tarda nin un mes en anunciarse a mesma medida no noso país. É coñecido que os populismos adoitan empregar medidas de impacto social noutros países para facelas súas. Cando o noso Goberno anunciou o seu plan lexislativo para “garantir un entorno dixital seguro”, gran parte da atención levouna o anuncio da prohibición das redes sociais para os menores de 16 anos. Esta impactante medida vén a sumarse á crecente

preocupación social polo impacto na saúde mental dos nosos xoves das metodoloxías deseñadas para o enganche dos usuarios, maximizar a súa participación e recompilar datos persoais que son a base do seu negocio. Eu comparto opinión cun gran número de expertos que advirten que o veto, ademais de ineficaz, pode vulnerar dereitos fundamentais dos propios menores. Penso eu que en Europa e en España xa existen leis que permiten poñer coto aos deseños enganosos das plataformas, que é o que se traduce nesa perigosa adicción ás pantallas, só temos que facer unha aplicación axeitada das mesmas. A prohibición de acceso ás redes sociais obrigará ás plataformas dixitais a incorporar sistemas efectivos de verificación da idade dos seus usuarios. A medida outorga responsabilidade individual aos menores, pero tamén

ás súas familias e, en extensión, e de maneira sistemática, ás propias plataformas destas redes sociais. O primeiro que deberíamos facer é definir, de forma clara, por parte do noso goberno, que é o que entende por rede social. En Australia, por exemplo, quedan fóra desta denominación aplicacións como WhatsApp ou Telegram, aplicacións de intelixencia artificial xenerativa e mesmo aplicacións de apostas en liña. E preguntome, son menos daniñas estas plataformas? Que redes sociais prohibirá a normativa española? Entrarán tamén as plataformas de vídeo e streaming? Os xogos? Outra cuestión importante é como se vai implementar a ferramenta de “carteira dixital Beta” para que poidan verificar a idade dos usuarios antes do inicio de sesión nesas redes sociais; Como se vai xestionar o uso clandestino e non supervisado por parte dos menores nestas plata-

formas, tanto por parte das propias corporacións como por parte das familias e da comunidade educativa. Para min, sería moi importante saber as evidencias que se tiveron en conta para a proposta desta medida. Afirmar con rotundidade que só as redes sociais son a causa da maioría dos problemas de saúde mental dos nosos xoves é unha visión moi simplista dunha problemática ben complexa de explicar. É moi certo que as zonas do cerebro que regulan o autocontrol, o razoamento e a atención maduran na adolescencia tardía, polo que a autoxestión e dedicación de tempo e acceso aos contidos dixitais debe ser obxecto de supervisión. Eu só vou engadir que, se a medida no noso país vai estar enfocada en mitigar e minimizar os efectos negativos do uso das redes sociais por parte dos menores, deben proxectarse criterios moi claros, transpa-

rentes e mesurables de avaliación do seu impacto. Aínda así, quédanme moitas preguntas sen resolver: esta prohibición virá acompañada de medidas educativas que leven ao uso responsable das novas tecnoloxías? Que papel desempeñarán as familias na aplicación desta medida e como imos acompañalas? Que aplicacións e plataformas entrarán en dita regulación? Como se regularán o resto dos usos dixitais dos nosos menores? E un largo etc. de incógnitas que rodean o complexo mundo da tecnoloxía e a súa influencia na formación e conformación dos nosos rapaces. Mais aló das prohibicións, o importante é aplicar medidas socializadoras, educativas e familiares que deberían acompañar a calquera proposta que se nos presente para así poder responder as preguntas que anteriormente me cuestiono.

NAVIA DE SUARNA: José Fernández

“É unha responsabilidade e un compromiso total”



DATOS

HABITANTES: 979.
PARROQUIAS: 18.
EXTENSIÓN: 242,6 km².
PARTIDO XUDICIAL: A Fonsagrada.
CORPORACIÓN: 5 concelleiros do PSOE, 2 do PP.
ALCALDE: José Fernández.
VOCEIRA PP: Raúl Pérez.

José Fernández é alcalde de Navia de Suarna desde o ano 2007 co obxectivo de recuperar os servizos municipais, algo que se mantén ata o día de hoxe, sendo a prioridade as persoas maiores

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.

Eu sempre tiven vocación de servizo público e o meu referente foi Felipe González, por iso me vinculei ao Partido Socialista.

Como deu o salto ou recibiu o impulso para ser alcalde?

Eu levaba moitos anos na lista do PSOE apoiando a outro compañeiro que ía en cabeza, no ano 1999 decidíu retirarse porque foi tres veces ás eleccións e non tivo sorte. Daquela, os compañeiros animáronme a poñerme eu á cabeza e durante tres lexislaturas estiven á fronte, ata que no ano

2007 conseguimos maioría absoluta e empezamos esta traxectoria da política municipal e aquí estamos. Antes levabamos 20 anos con gobernos de dereitas, había moito descontento pola xestión que había no Goberno local, nos servizos, etc. entón, nós empezamos no 2007 co bipartito da Xunta e coa Deputación a recuperar moitos servizos que non había ou que estaban deteriorados; o municipio estaba necesitado dunha política activa e de apoio aos veciños e veciñas.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?

É un compromiso persoal e colectivo, porque tanto eu como os compañeiros como o partido levabamos tempo vendo que non se estaba indo no mellor camiño e intentamos melloralas; é unha responsabilidade e un compromiso total. Eu tiven que deixar o meu traballo para poder dedicarme plenamente á política municipal.

E beneficios?

Satisfaccións máis que beneficios, porque eu tiña o mesmo salario que na empresa. No municipio coñecemos todos, hai compromisos maiores que se non estás vinculado a un tema público. Satisfaccións son as de axudar aos veciños, pero non compensa economicamente.

Como equilibra a vida pública e a privada?

Aquí a vida privada é complicada porque todos nos coñecemos, somos veciños, amigos e familiares. Isto ten un compromiso engadido e, cando as necesidades son acentuadas, hai máis compromiso.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

O meu obxectivo a nivel persoal está cumprido, presenteime para apoiar e axudar aos veciños e veciñas e, nunha medida persoal, está feito. Hai que seguir e queda moito por facer, pero a nivel persoal estou xubilado, entón sigo como



un compromiso cos veciños. O meu obxectivo político está cumprido, estiven na Deputación e no concello aspirei a poder axudar aos veciños e melloralles a vida e facerlla máis cómoda e con mellores servizos e creo que o teño cumprido.

E se renova na Alcaldía cales son as principais actuacións previstas?

Seguir mellorando o municipio en partes como as vías de comunicación, os servizos e o Castelo, porque queremos recuperalo e que sexa público, que poida servir para achegar tamén o turismo á vila, xente que vén de fóra e que vexa o Castelo como un símbolo, como a ponte, a aceña, a contorna do río, e así cumprir ese obxectivo.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?

A Xunta nunca apostou polo rural da Montaña de Lugo; sempre a propaganda e nunca a realidade. Fai falta un servizo de atención primaria no centro de saúde, é imprescindible; hai moita necesidade e moita demanda. A maior parte da xente é maior e que non se cubra é unha falta da administración competente. Temos a sorte de que, grazas á Deputación de Lugo, contamos cunha residencia de maiores, pero falta ese complemento e obriga da Xunta de Galicia e que hai moita demanda para poder coidar dos maiores, temos nós, como Concello, asumir esa falta. A Xunta nunca se implicou no rural como se necesita, hai un despoboamento moi importante motivado pola falta de servizos, malos os que hai, pouco atendidos... e iso fai que haxa un gran despoboamento que esixe que haxa máis desprazamentos e iso a Xunta nunca fixo nada especial e concreto para un rural

abandonado pola Administración Autonómica, que ten as competencias. Así, a atención á sanidade é a nosa necesidade fundamental. Necesítase un servizo personalizado e atendido ás persoas maiores. Temos pouca poboación e sempre hai que acentuar os servizos, aínda que teñan un custo maior no rural, pero hai que atender ás persoas que viven aquí.

De que proxectos se sente máis orgulloso?

Para nós o proxecto estrela foi a residencia, porque permitiu atender as persoas que estaban soas e desamparadas. Non porque as familias non se ocupasen deles, senón porque houbo moita migración e hai moitas familias divididas, con fillos en Barcelona, Madrid... así, a residencia cubriu moitos casos, aínda que non todos. Temos 30 prazas e igual necesitabamos 50, xa que temos lista de espera de 15 persoas porque necesitan unha atención física ou psicolóxica, unha compañía, que se presta na residencia, da que nos sentimos moi orgullosos.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?

Quero que me vexan como eles, un veciño máis; que vexan transparencia, que os tratamos a todos por igual, unha atención para todos e non diferenciar. A política é política, pero a nivel persoal non debe existir, debe existir o servizo e o aprecio, e iso gustárame que a xente o entenda que eu o que quero é defendelos, axudalos e aprecialos a todos igual.

Como é a súa relación coa oposición?

A relación é boa, como con calquera veciño. A nivel político cada un ten as súas ideas, pero a nivel social temos boa relación.

EN CLAVE PERSOAL

• **Idade, estado civil e familiar**
Teño 68 anos, estou casado, teño dúas fillas e dúas netas.

• **Profesión e formación**
Técnico en Servizos A Domicilio

• **E se non o fose, que lle gustaría ser?**
A min gustábame a gandería

• **Que quería ser de maior**
Gandeiro

• **Que fai para desconectar?**
Gústame saír a pescar, cazar e estar coa familia

• **Unha virtude e un defecto**
O trato coa xente co maior respecto a educación posible; teño un pronto, ás veces, non axeitado

• **Un consello para compartir**
Hai que falar coa xente e compartir as opinións, unha comida ou un tempo para atoparse coas persoas que te rodean

• **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**
Non son moi lector; hai que tirar para a casa, así que Sirât, de Oliver Laxe; e calquera canción de Juan Pardo

• **Unha afección**

A pesca e a caza

• **Un lugar que visitar**
Barcelona

• **Unha comida e unha bebida**

O polbo nas feiras e o viño

• **Unha personaxe admirada**

Admiro a persoas comprometidas a nivel nacional que defenden os dereitos e os deberes

• **Unha posesión prezada**

O coche e a casa, como a da aldea onde me criei

• **Un desexo**

Ter saúde e desfrutar da familia

• **Algo para esquecer**

As guerras

• **Que é o que máis valora nunha persoa?**

A formalidade, a seriedade e a honestidade; que sexa legal e transparente

• **Un desafío pendente**

Conseguir que haxa unha sociedade máis comprometida e sincera, que aprecie o de todos como se fose propio

• **Onde se ve en cinco anos?**

Desfrutando da familia

A Mancomunidade do Camiño Francés reivindica o seu valor



A Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés celebrou un acto institucional no que, por primeira vez nos seus 25 anos de traxectoria, recibiu a visita de eurodeputados galegos. O encontro serviu para poñer en valor a dimensión europea da ruta xacoea e o seu papel histórico e político na construción dunha identidade compartida.

A presidenta da Mancomunidade, Begoña Balado Conde, reivindicou o Camiño Francés como arteria principal de Europa e un dos piares da cultura europea.

O eurodeputado socialista Nicolás González Casares destacou a vixencia cultural e política do Camiño e subliñou que, tras 40 anos da integración de España na Unión Europea, é posible avaliar con perspectiva o avance experimentado como país e como sociedade. Na súa intervención afirmou que o Camiño de Santiago é moito máis que unha ruta de peregrinación, ao consideralo un dos elementos centrais na configuración dunha conciencia europea baseada no encontro entre pobos e no respecto mutuo. “O Camiño é paz, Europa é paz e tamén democracia”, proclamou.

Para González Casares, a conexión entre o Camiño e a Unión Europea é profunda, xa que ambos contribúen a tecer vínculos e consolidar cooperación e dereitos. Tanto a pertenza á UE como a defensa do Camiño constitúen cuestións irrenunciáveis para Galicia.

O eurodeputado incidiu tamén na necesidade de preservar o patrimonio e a paisaxe vinculados á ruta xacoea. Sostivo que o Camiño non pode entenderse sen o respecto polo territorio e lembrou que a normativa europea tampouco avala transformacións ambientais drásticas. Defendeu que o desenvolvemento industrial é “posible”, chamando á reflexión sobre os cambios experimentados nos últimos 50 quilómetros do percorrido, co risco de que a contorna derive nun monocultivo de eucaliptos.

NOVA GUÍA GASTRONÓMICA. Por outro lado, a Mancomunidade do Camiño Francés presentou a súa nova guía gastronómica titulada ‘Saborea o Camiño Francés’, unha proposta que pon en valor o produto local, diferenciado e de calidade dos once concellos que percorre esta histórica ruta xacoea.

A RAG presenta o programa de celebración das Letras Galegas

O presidente da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo, e a tesoureira, María López-Sáñez, acompañados de Beatriz Caamaño, irmá da homenaxeada, deron a coñecer a programación da celebración das Letras Galegas 2026, que a institución abriu a comezos de xaneiro na Rede coa posta en marcha en academia.gal do sitio web sobre Begoña Caamaño. O calendario de actos presenciais da RAG dedicados á divulgación da figura e da obra de Begoña Caamaño arrincou en Vigo o 2 de marzo no CEIP O Pombal.

A cidade onde Caamaño se fixo escritora, Santiago de Compostela,

acollerá o pleno extraordinario do 17 de maio na súa honra. As alocucións académicas correrán a cargo de Marilar Aleixandre, Víctor F. Freixanes, Manuel Rivas e Ana Romaní.

A RAG mantén ademais a aposta polo audiovisual coa serie web sobre Xela Arias. Con Damián Varela e Alba López Álvarez á fronte da dirección, e varios episodios de curta duración, o relato documental sobre Begoña Caamaño presentarase nunha peza de maior duración. Preténdese facilitar a súa difusión en distintos contextos, sendo unha creación concibida para un público amplo no rango de idades.

O Partido Popular pide revisar o Plan Nacional da Anguía

Os senadores do PP por Lugo, José Manuel Barreiro, José Manuel Balteiro e Juan Serrano, reuníronse cos alcaldes e representantes municipais de Portomarín, Paradela, O Páramo e Guntín, co presidente da Federación Nacional de Confrarías de Pescadores, Basilio Otero, coa directiva da asociación de pescadores O Carrual e con hostaleiros locais para analizar a situación da anguía e o seu valor cultural e socioeconómico para a zona. Todos coincidiron en que unha explotación responsable non debería prexudicar a especie e reclamaron medidas preventivas xunto cunha xestión rigorosa en lugar de prohibicións drásticas.

Neste marco, os senadores presentaron unha iniciativa que o Grupo Popular para instar ao Goberno a revisar o Plan de Xestión Nacional da Anguía. O obxectivo é garantir que calquera decisión sobre a conservación da especie se basee en criterios científicos contrastados, avaliacións reais de resultados e na diferenciación por concas hidrográficas.

A iniciativa parlamentaria propón non impulsar catalogacións estatais de máxima protección sen avaliar antes os plans autonómicos, revisar o Plan Nacional, instar ás comunidades autónomas a actualizar os seus plans, garantir análises científicas



diferenciadas por conca, priorizar a recuperación de hábitats e combater o furtivismo e o tráfico ilegal, avaliar o impacto socioeconómico de calquera restrición e adoptar medidas de protección coherentes coa lexislación europea e cos modelos de xestión existentes. Os populares alertaron de que o recente anuncio do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico de incluír a anguía no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial na categoría de “En perigo de extinción” xerou preocupación en Galicia, onde se aplican modelos de xestión rigorosos, con control do esforzo pesqueiro, seguimento científico e loita contra o furtivismo. Destacaron que o reto é compatibilizar a

protección das especies e a conservación do medio mariño coa viabilidade económica e social do sector, preservando emprego, tradicións e tecido produtivo local.

Os informes científicos recentes, tanto do Plan español de primavera de 2025 como do Consejo Internacional para la Exploración del Mar, sinalan que non se acadaron totalmente os obxectivos, pero en ningún caso impoñen prohibicións xeneralizadas como única medida. Os senadores insisten en que unha conservación eficaz require diferenciar entre modelos que funcionan e os que non, evitando decisións uniformes que non se axusten á realidade biolóxica, ambiental e socioeconómica de cada conca.

Apicultores denunciaron que o mel importado afunde o sector galego

Apicultoras e apicultores de Galicia concentráronse diante da sede da Xunta de Galicia en Lugo e ante o centro comercial Centro Comercial Ponte Vella en Ourense baixo os lemas ‘O mel importado arruína as nosas vidas’ e ‘Comercio xusto e de proximidade xa’. As mobilizacións foron convocadas polo Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas, a Asociación Apícola Abellas Nais, a Asociación de Apicultura Serra da Carba, a Asociación de Persoas Consumidoras ACUGA e a Agrupación Apícola de Galicia co obxectivo de informar á cidadanía sobre as consecuencias das importacións masivas de mel e do coñecido como “fraude do mel”, unha situación que, segundo advertiron, se agravará coa aplicación do novo tratado UE-Mercosur.

Desde a concentración de Lugo, Brais Álvarez, apicultor e secretario de Acción Sindical do SLG, explicou que a protesta pretende visibilizar como se introduce no mercado mel importado en grandes cantidades que acaba comercializándose como se fose de orixe europea. Segundo denunciou,



esta práctica está a provocar a perda de propiedades do produto e a deixar ás produtoras e produtores galegos nunha situación límite, con moitas explotacións abocadas ao peche a curto prazo.

Álvarez subliñou que non existe unha lei da cadea alimentaria que garanta prezos xustos para cubrir os custos de produción nin políticas europeas que impulsen realmente o comercio de proximidade. Asegurou que as

grandes distribuidoras están a traer a Galicia máis mel do que se produce aquí para vendelo tanto no territorio galego como noutros puntos de Europa, cun prezo ata un 60% inferior aos custos das explotacións locais. Mentres o mel galego permanece almacenado sen saída comercial, fávórecense acordos como o da UE-Mercosur, que ao seu xuízo consolidará e dará cobertura legal a prácticas que consideran fraudulentas.

outeiro de rei

Outeiro de Rei aproba a declaración institucional do 8M

Todos os grupos políticos do Concello de Outeiro de Rei subscribírono no pleno unha declaración institucional con motivo da celebración do 8 de Marzo, Día Internacional da Muller. Tras votar por unanimidade, malia a ausencia de dous concelleiros, un do PP e outro do BNG por motivos de saúde, a urxencia da súa incorporación á orde do día, procedeuse á lectura do texto, no que se puxo en valor o papel histórico da muller como loitadora e coidadora no ámbito familiar, salientando o seu esforzo para conquistar espazos de participación e igualdade de dereitos.

Neste manifesto, a Corporación reafirma o compromiso coa igualdade real e co impulso de políticas públicas transformadoras en todas as áreas, animando ademais á veciñanza a participar nos actos reivindicativos e na loita contra a violencia de xénero que se celebrarán en Outeiro de Rei durante o mes de marzo.

Na sesión aprobouse tamén a acta anterior, aínda que con votos en contra dos dous concelleiros do BNG. Outro dos puntos aprobado foi a moción do equipo de Goberno, na que solicitaba unha declaración do Pleno para instar ao Goberno central a retirar o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a lei autonómica de dependencia “o que paralizaría o Plan de axilización da dependencia e a discapacidade da Xunta de Galicia”. Defendeu o alcalde, José Pardo Lombao, que as persoas dependentes “son unha prioridade e que o Estado debe asumir a débeda pendente e a porcentaxe de cofinanciamento comprometida”.



MOCIÓNS DA OPOSICIÓN. O BNG presentou unha moción na que demandaba un plan de revitalización do núcleo urbano, xustificando a proposta no peche de negocios e na perda de servizos. Segundo expuxeron, “na vila apenas permanecen o centro de saúde, a farmacia e unha entidade bancaria”, e aseguraron que non se están adoptando medidas para dinamizar a localidade nin para asentar poboación estable. Criticaron a inexistencia dunha política de desenvolvemento local e dun plan urbanístico actualizado, afirmando que Outeiro de Rei se está a converter “nun concello dormitorio de Lugo”. O PSOE apoiou a moción, sinalando que comparte a preocupación pola situación do centro urbano e apostando por impulsar desde o diálogo un programa municipal de dinamización.

O alcalde, José Manuel Pardo, rexeitou as críticas e asegurou que non é necesario un plan de revitalización. Defendeu o crecemento da vila nas

últimas décadas, a existencia dun plan urbanístico e medidas de apoio ao emprendemento, como bonificacións fiscais e liñas de axuda. Subliñou tamén o desenvolvemento de infraestruturas, a creación de servizos e o alto nivel de ocupación do parque empresarial.

O PSOE presentou unha moción relativa á mellora da atención aos animais, na que reclamaba unha planificación máis ambiciosa ante as protestas veciñais pola recollida de cans e a existencia de colonias felinas sen control. A proposta incluía a solicitude de apoio á Xunta e á Deputación. O BNG apoiou a iniciativa, lembrando que xa trasladara esta preocupación con anterioridade e que existen liñas de axuda para este tipo de actuacións.

Pola súa banda, o alcalde defendeu que o servizo funciona correctamente, aínda que recoñeceu incidencias puntuais, e criticou que “moitas leis non veñen acompañadas de financiamento suficiente”.

o corgo

A Deputación de Lugo levou a cabo obras de repavimentación



A Deputación de Lugo comezou as obras de repavimentación con aglomerado en quente en tres estradas provinciais ao seu paso polo concello do Corgo. O proxecto, para o que a institución provincial destinou 249.922 euros, permitirá acondicionar máis de 8 quilómetros en distintos treitos. Na LU-P-1602, que une as parroquias de San Cristovo e Romeán, os traballos arrancaron na parroquia de Adai e cubrirán un tramo de algo máis de cinco quilómetros, entre o punto quilométrico 3,223 e o 8,547. Na LU-P-1606, que conecta Adai con Queizán, estase a mellorar o inicio da vía ata o quilómetro 2,652. Pola súa banda, na LU-P-2918, que comunica Lugo con Adai pasando por Santa María de Bóveda e enlaza co tramo final da LU-P-1602, intervénse un pequeno

tramo, do punto quilométrico 9,736 ao 9,856.

Os traballos inclúen reapertura de cunetas, reparación de desperfectos, repavimentación e pintado.

Ademais, iniciouse outro proxecto no concello do Corgo na vía LU-P-1611, que forma parte do cinto comarcal. Neste caso, estase a arranxar un treito de algo máis de 1,7 quilómetros, entre os puntos quilométricos 9,020 e 10,725, que vai desde a parroquia de Camposo ata o núcleo de Pacios, na parroquia de Cela, cun investimento de 140.942 euros.

Esta actuación reflicte o compromiso da Deputación de Lugo por manter e mellorar a rede viaria provincial, a máis extensa do Estado, con máis de 4.000 quilómetros de lonxitude.

O concurso de recitado ‘Rosalía sempre viva’ chega á súa final

A Casa-Museo Manuel María de Outeiro de Rei acolle o sábado 7 de marzo, a fase final do concurso escolar de recitado poético ‘Rosalía sempre viva’, que este ano chega á súa décima edición.

Esta iniciativa escolar, a cuxa fase final chegan máis de media centena de rapazas e rapaces procedentes de toda a xeografía galega, após unha fase previa desenvolvida nos centros educativos inscritos, está dirixida a todo o alumnado galego de ensino non universitario, desde Primaria a Bacharelato e Ciclos Formativos. Centrada na recitación de versos da obra en galego de Rosalía de

Castro ou da ampla produción poética de Manuel María, o concurso escolar, que convoca a Casa-Museo Manuel María, ten como obxectivo potenciar a expresión oral e a creatividade do alumnado a través do coñecemento e o recitado da poesía de dúas das voces máis importantes e populares da nosa literatura.

O alumnado participa do certame en tres categorías diferentes, a depender da súa idade: a Categoría 1ª corresponde cos cursos de 1º, 2º e 3º de primaria, a categoría 2ª con 4º, 5º e 6º de primaria e a categoría 3ª cos cursos da ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.

A participación é individual.

Dado o elevado número de alumnas e alumnos concursantes, e os seus acompañantes, e a limitación dos espazos da Casa-Museo, a xornada deste sábado celebrase en dúas quendas, de mañá e de tarde. A final para as categorías 1 e 2 comezará ás 11.30 da mañá e para a 3ª ás 16.45 horas. A entrega de premios terá lugar, a da mañá, a partir das 13 horas e a da tarde a partir das 18.10. Mentres o xurado delibera, tanto o alumnado como as familias e profesorado acompañantes poderán percorrer o interior da Casa-Museo por medio de visitas guiadas.

Laxosa acolle un curso gratuito de restauración de mobles na antiga escola dos nenos

A Asociación de Veciños de Laxosa Airamonte do Corgo está a desenvolver un curso gratuito de restauración de mobles na Antiga Escola dos Nenos de Laxosa. A iniciativa busca ofrecer á veciñanza a oportunidade de aprender técnicas básicas e prácticas para recuperar pezas de mobiliario.

A actividade comezou o 28 de febreiro e a seguinte xornada será o 7 de marzo, aínda que tamén terá lugar o día 21 e o 28 de marzo, así como o 11 e o 18 de abril. Todas as sesións cele-

braranse en horario de 16:00 a 20:00 horas.

Cada participante deberá acudir co moble que desexa restaurar e co material necesario para o seu traballo, mentres que as ferramentas de maior tamaño serán facilitadas polo docente encargado da formación.

As persoas interesadas poderán formalizar a súa inscrición chamando ao teléfono 642 771 227. A organización lembra que as prazas son limitadas e cubriranse por orde de inscrición ata completar o aforo dispoñible.

Continúa a III edición das Xornadas de Cine Rural con citas o 7 e o 14



Xa están en marcha as III Xornadas de Cine Rural, de Friol unha proposta cultural que foi presentada polo profesor da Universidade de Santiago de Compostela Suso Rodríguez Rodríguez e pola concelleira Ángeles Buján.

A iniciativa, que conta coa colaboración do Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC, volverá converter durante os meses de febreiro e marzo os sábados pola tarde nun espazo para o cinema e a reflexión arredor do medio rural. As sesións comezaron o 28 de febreiro e desenvólense no salón de actos do Centro Sociocultural de Friol, sendo as vindeiras sesións o día 7 e 14 de marzo ás 17:30 horas. O programa inclúe tres propostas diferenciadas que combinan proxeccións audiovisuais e intervencións das persoas protagonistas.

Así, o 7 de marzo proxectarase “Patrimonio lúdico galego. Investigación, recursos”, un documental vinculado a unha publicación que, a partir de experiencias,

estudos e proxectos concretos, recompila múltiples perspectivas que reivindicán o xogo e o xoguet como elementos fundamentais da identidade colectiva. A obra propón recuperar o valor de xogar como ferramenta para lembrar quen somos e para manter viva a cultura galega. A presentación correrá a cargo de Paco Veiga García.

A terceira e última xornada, o 14 de marzo, centrarase en “O papel das abellas no noso rural”. A actividade incluírá unha presentación audiovisual e unha charla explicativa impartida por Erea Moreno Pena, Antía Fernández Pena, Vera Abel Corral, Iria Barcia e o propio Suso Rodríguez. Durante esta sesión abordaranse as contribucións das abellas ao medio rural e exhibiranse distintos documentais sobre este insecto, nun encontro de carácter divulgativo dirixido a todo o público interesado en coñecer cuestións básicas sobre a súa relevancia ecolóxica e produtiva.

A localidade de Condes acolle un novo Campionato de Tute, que inclúe xantar

O vindeiro 14 de marzo, a partir das 14:00 horas, o local social de Condes converterase no escenario do Campionato de Tute 2026, un evento que reunirá afeccionados a este popular xogo de cartas nun ambiente festivo e de competición.

A participación será por parellas cunha inscrición de 60 euros, e os mellores clasificados recibirán premios de 200 puntos para os gañadores, 100 para os segundos e 50 para os terceiros. Ademais, haberá premios de consolación, entre os que desta-

can botellas de whisky así como de viño.

O evento estará acompañado dunha gran polbada, ofrecendo aos asistentes a oportunidade de combinar a emoción do xogo cunha degustación gastronómica. A organización, a cargo da comisión de festas, agradece a colaboración da veciñanza e anima a todos os interesados a participar. Para inscribirse ou obter máis información, pódese contactar cos membros da organización nos números facilitados.

Friol inviste 110.000 en acondicionar camiños municipais nas parroquias

O Concello de Friol investirá máis de 110.000 euros na mellora de varios camiños de acceso a diferentes núcleos de poboación. As actuacións financiaranse con cargo á convocatoria 2026-2027 das axudas para actuacións en camiños rurais, co financiadas pola Xunta de Galicia a cargo do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). Os traballos serán no camiño que conecta a estrada LU-934 (A Pereira) coa LU-P-2119 (A Laxe), onde se levará a cabo a limpeza das cunetas en ambas marxes, o barrido do firme, traballos de bacheo nas zonas máis deterioradas e a extensión dun dobre tratamento superficial para mellorar a durabilidade da vía.

A segunda zona comprende o cami-



ño que vai desde San Cibrao ata Arriba, que atravesa as parroquias de San Martiño de Condes e San Cibrao da Pregación. Neste tramo executaranse tarefas de limpeza de cunetas nas dúas marxes, varrido do firme, bacheo nas zonas máis afectadas, estendido de capa de saburra e outros

traballos necesarios para garantir unha mellora integral da vía.

A terceira realizarase no camiño de acceso ao Burgo de Negral, situado na parroquia do Pacio, onde se limparán as cunetas, varrerase, bachearase para optimizar a circulación e reforzar a seguridade viaria.

O alumnado do CPI Dr. López Suárez visitou o Carballo de Cerracín

Os nenos e nenas do CPI Dr. López Suárez de Friol participaron nunha saída para coñecer de preto o Carballo de Cerracín, situado na parroquia friolesa de Vilalbite. Este exemplar está considerado un dos dous carballos máis antigos e de maior porte de España e figura entre os dez máis destacados de Europa polas súas dimensións e antigüidade.

Ademais, o vello carballo é un dos elementos centrais da novela ‘El verano que volvió Sherezade’, do escritor friolés Jordi Cicely. A repercusión da obra fixo medrar de maneira notable o interese por esta árbore senlleira, atraendo a un número crecente de visitantes que se achegan ata Vilalbite para contemplala.



Durante a visita, o alumnado estivo acompañado polo director do centro, Felipe Barata, así como por varios docentes. Tamén participaron o divulgador Brais Rodríguez Romero e os escritores locais Xerdardo Quintiá e o propio Jordi Cicely, que compartiron co alumnado diferen-

tes relatos e curiosidades arredor do histórico exemplar, ao tempo que lles trasladaron a importancia de coidalo e protexelo como parte esencial do patrimonio natural de Friol. Na mesma xornada, os escolares visitaron ao Dolmen da Santa Marta e o y eucalipto de Sobrado.

O documental ‘De sol a sol’ sobre as mulleres proxectarase no municipio

O Centro Sociocultural de Friol será escenario o venres 6 de marzo, ás 12:30 horas, da proxección do documental ‘De sol a sol’, unha peza audiovisual que recupera o histórico programa da TVE ‘Vivir cada día’, emitido en 1978 e centrado nas duras condicións de vida das mulleres no rural galego a finais dos anos setenta.

A iniciativa permitirá revisitar este testemuño audiovisual que reco-

lle a realidade cotiá das mulleres da parroquia de Lamas, poñendo en valor a súa dignidade, esforzo e capacidade de superación nun contexto marcado pola dureza do traballo e a escaseza de recursos.

O acto contará coa intervención das protagonistas do documental, Consuelo Rodríguez Serén e Clara Rodríguez Expósito, que compartirán co público as súas lembranzas e reflexións arredor daquela expe-

riencia televisiva que deixou constancia dunha etapa fundamental da historia social recente.

A proxección preséntase como unha oportunidade para achegar ás novas xeracións unha parte da memoria colectiva do rural galego, ao tempo que rende homenaxe ás mulleres que, co seu traballo diario “de sol a sol”, sostiveron durante décadas a vida nas aldeas.

A Deputación financiará unha grada no campo municipal

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo financiará a instalación dunha grada no campo de fútbol sintético do municipal de Castro Ribeiras de Lea Efrén Castro mantivo nas últimas semanas un encontro coa directiva do club, no que se expuxo a necesidade desta estrutura para crear un espazo de abrigo a carón deste campo, onde adestran e xogan as categorías de base do club vermello.

O vicepresidente reuniuse esta mañá co alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, para concretar a fórmula de colaboración para financiar o proxecto, que se canalizará a través dun convenio entre as dúas administracións.

O responsable provincial explicou que “unhas instalacións adaptadas ás necesidades dos usuarios e usuarias facilitan



a práctica do deporte, sobre todo nas categorías de base, que son as que utilizan fundamentalmente este campo” e, neste sentido, valorou “o traballo de formación deportiva que ven desenvolvendo o club nos últimos anos”.

O CD Castro, fundado en 1980, afianzou nos últimos cinco anos a súas categorías de base,

con equipos en todas as categorías de formación, desde prebenxamín ata xuvenil, como canteira e relevo para o equipo sénior, que compite esta temporada en Primeira Futgal.

O club suma preto de 200 licenzas de xogadoras e xogadores, do concello e da comarca, ademais de persoal técnico e auxiliar.

Castro de Rei acollerá a primeira edición da Vacaloura Gravel o 28 de xuño

O Club Ciclista Cidade de Lugo organiza a primeira edición da Vacaloura Gravel, unha proba deportiva que se celebrará o vindeiro 28 de xuño de 2026 con saída e chegada oficiais na localidade de Castro de Rei. A marcha nace co obxectivo de fomentar o ciclismo como actividade física con fins de lecer, turísticos e culturais, ofrecendo ás persoas participantes a oportunidade de descubrir a riqueza natural da Terra Chá.

A saída está programada para as 09:30 horas e a organización porá a disposición dúas opcións de percorrido. A ruta longa, de carácter competitivo, contará cun trazado de 100 quilómetros e un desnivel acumulado positivo de 1.400 metros, segundo os datos rexistrados cun dispositivo Garmin 1030 Plus. Esta modalidade terá clasificación por categorías e entrega de premios para todas elas, incluída a cicloturista.

Pola súa banda, a ruta curta terá un percorrido de 55 quilómetros e un desnivel acumulado positivo de 700 metros, tamén segundo medición con Garmin 1030 Plus. Neste caso, a participación non será competitiva, establecerase unha clasificación xeral sen distin-



ción de categorías e non haberá opción a premios.

Será obrigatorio o uso de GPS co track oficial facilitado pola organización previamente cargado no dispositivo. A marcha está aberta a deportistas maiores de 16 anos que cumpran cos requisitos de inscrición e aptitude física establecidos no regulamento. A inscrición previa no Club Ciclista Cidade de Lugo será obrigatoria e, unha vez formalizada, a organización asignará a cada participante un dorsal e/ou placa identificativa para o cadro da bicicleta.

A proba permitirá a participación con bicicletas das modalidades

gravel e e-gravel, sempre que se axusten á normativa técnica establecida. As persoas que participen con bicicletas e-gravel con asistencia eléctrica poderán completar tanto a ruta curta como a longa, mais non poderán optar á clasificación competitiva nin aos trofeos, que estarán reservados exclusivamente ás bicicletas gravel sen asistencia eléctrica.

Co fin de garantir a viabilidade do evento, a seguridade das persoas participantes e o cumprimento estrito da normativa na prestación dos servizos previstos, o número máximo de inscricións limitarase a 300 ciclistas.

O BNG pide aclaracións sobre as solucións ao subministro de auga



O BNG de Castro de Rei denuncia a “falta de rigor, as contradicións e as continuas mudanzas de versión” do goberno municipal arredor das actuacións anunciadas para solucionar os “graves problemas” da traída municipal de auga, unha situación que leva anos afectando á veciñanza, á hostalaría e ao tecido empresarial do concello. A portavoz do BNG, Olga García, critica que “o alcalde leve máis dun ano anunciando solucións que nunca chegan mentres hai veciños e negocios que continúan sen poder facer uso da auga municipal con normalidade”.

Desde o BNG lembran que xa en marzo de 2025 o goberno municipal anunciou un proxecto para mellorar o abastecemento, “asegurando que sería a solución definitiva aos problemas existentes. Porén, apenas un ano despois, en febreiro de 2026, o propio alcalde volvía realizar un novo anuncio tras unha reunión coa conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, presentando outro proxecto diferente e falando agora dun investimento millonario para resolver a mesma situación”.

“Ou ben o proxecto de 2025 non era real ou ben o de agora tampouco o

é. O que non pode ser é que cada poucos meses apareza un novo anuncio sen que a veciñanza vexa unha soa obra executada nin unha mellora efectiva no servizo, non se pode vender fume”, sinalou García.

A nacionalista lembra ademais que no último pleno municipal, e a preguntas do BNG, o propio alcalde asegurou que o único que faltaba era a sinatura entre o Concello e a Confederación Hidrográfica para executar un arranxo valorado en 3 millóns de euros, “unha afirmación que entra en clara contradición cos novos anuncios realizados”.

O BNG considera “grave que se xogue coa preocupación dunha parte da poboación” que leva tempo sufrindo problemas de subministro e de calidade da auga. “Non estamos falando dunha obra secundaria, senón dun servizo básico esencial para vivir, traballar e desenvolver actividade económica en Castro de Rei”.

Por iso, o grupo esixe ao goberno local que explique con transparencia cal é o proxecto real, en que fase administrativa se atopa, que administración vai asumir o financiamento e cales son os prazos reais de execución.

O FSF Castro Cando métese na final da Copa Galicia

O FSF Castro Cando certificou o seu pase á final da Copa Galicia despois de superar con claridade ao Ourense Ontime por 1-4 nun encontro no que as chairegas amosaron maior pegada na segunda metade.

O conxunto lucense adiantouse no marcador grazas a un tanto de Luana Moura, que abriu o camiño cara á vitoria. Con todo, o Ourense Ontime reaccionou e logrou empatar antes do descan-

so nunha primeira parte marcada pola igualdade e polo equilibrio entre ambos equipos.

A sentenza definitiva chegou novamente das botas de Luana Moura, que asinou o seu segundo gol da tarde para pechar o definitivo 1-4. Con este triunfo, o FSF Castro Cando loitará polo título na gran final da competición autonómica e farao ante o Poio. O último duelo terá lugar o día 2 de abril, o Xoves Santo.

guntín

O CIM móbil chegou información ás mulleres



O CIM móbil da Xunta de Galicia estivo diante do centro de saúde de Guntín para ofrecer información e asesoramento ás mulleres do municipio, achegando de maneira directa os recursos públicos dispoñíbles en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero. O Centro de Información á Muller é unha rede de servizos impulsados pola Xunta que prestan asesoramento integral ás mulleres, especialmente ás vítimas de violencia de xénero. Estes centros ofrecen atención psicolóxica, xurídica e social de balde e con carácter confidencial, converténdose nunha peza clave na prevención, na detección precoz de situacións de risco e no acompañamento ás mulleres que

precisan apoio. A través desta unidade móbil, que é un complemento aos centros fixos, búscase reforzar a presenza destes servizos no ámbito rural e garantir que a información e a asistencia cheguen a todos os recunchos do territorio. O servizo volverá ao concello co obxectivo de asegurar unha atención próxima, accesible e adaptada ás necesidades das veciñas. Esta acción cobra especial relevancia ás portas do 8M, Día Internacional da Muller, unha data sinalada para reivindicar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, así como para visibilizar a importancia de contar con recursos públicos sólidos que amparen ás vítimas de violencia de xénero.

O Concello de Guntín mellorou os accesos ao núcleo de Sear



O Concello de Guntín completou unha serie de actuacións destinadas a mellorar os accesos ao núcleo de Sear, na parroquia de Entrambasaugas, cun obxectivo claro: garantir unha circulación máis segura e cómoda para a veciñanza. Entre as intervencións destacan o formigonado de ambos accesos, a limpeza e acondiciona-

mento das cunetas, labores que foron executados pola brigada municipal coas ferramentas e recursos propios do Concello. Estas actuacións facilitan o tránsito diario de vehículos e peóns, senón que tamén contribúen a previr posibles accidentes derivados do mal estado das vías, especialmente en períodos de choiva.

rábade

Rábade celebra a III Foliada de Primavera o sábado 7 de marzo

O vindeiro 7 de marzo, Rábade converterase no epicentro da música e da tradición galega coa celebración da Axeigada, III Foliada de Primavera, unha cita xa consolidada no calendario cultural da comarca. O evento, organizado pola Agrupación Folclórica Axeigo coa colaboración do Concello de Rábade e doutras entidades e colectivos locais, desenvolverase ao longo de toda a xornada cun completo programa de actividades que combina formación, música, baile e convivencia arredor da cultura popular galega. A xornada comezará ás 12.00 horas coa celebración dos primeiros obradoiros. Miguel Carballo será o encargado de impartir unha sesión de iniciación ao baile tradicional, centrada nesta edición no maneo, unha das variantes da xota propia do norte da provincia da Coruña. De maneira paralela, Manuel Santín ofrecerá un obradoiro de cantos de taberna, unha proposta pensada para recuperar e poñer en valor as melodías e os ritmos que durante décadas acompañaron a vida social nas tabernas galegas. Ambos obradoiros terán lugar no Centro Sociocultural de Rábade e contan cun prezo de 10 euros. Ás 13.30 horas chegará a sesión vermú, na que a música correrá a cargo da Charanga Benofán e do grupo Os Basaduriños, que animarán o mediodía cun ambiente festivo e popular. Pola tarde retomaranse os obradoiros ás 16.30 horas. Nese horario, Ar-



tur Puga, profesor de baile e director do proxecto Seis por Oito, impartirá unha clase dirixida a bailadores con certa experiencia baixo o título Polavila na montaña: entre Navia, Cervantes e o val de Ancares. A proposta ofrece unha aproximación aos pasos e ás estruturas do baile tradicional da comarca dos Ancares, atendendo tamén aos factores demográficos e orográficos que influíron na música e no xeito de bailar desta zona. Ao mesmo tempo, Pepe Vaamonde presentará unha introdución ao mundo da composición para gaita galega, unha proposta orixinal na que se abordarán as relacións entre a lingua e a linguaxe musical, a análise das formas e motivos rítmicos de xéneros como a xota ou a muiñeira, así como o xogo e a improvisación como elementos clave da creatividade musical.

Ás 19.00 horas terá lugar unha nova sesión de cantos de taberna, aberta á participación dos asistentes, antes de dar paso aos concertos nocturnos. A partir das 22.30 horas subirán ao escenario Murga Cántigas e Frores, Lina e Lola e Enxebres de San Lázaro, nunha noite que promete encher Rábade de música tradicional. A xornada pecharase xa de madrugada, ás 01.30 horas, coa foliada aberta, un dos momentos máis agardados, no que músicos e público compartirán baile e música ata ben entrada a noite. Axeigo manifesta a súa intención de repetir a gran acollida das edicións anteriores e anima tanto á veciñanza como ás persoas visitantes a participar nunha celebración que busca manter viva a tradición, fomentar a transmisión cultural e converter Rábade, nun punto de encontro.

Conmemórase en Rábade o 8M con actividades ata o 16 marzo

O Concello de Rábade presenta a súa programación para o 8 de marzo, Día Internacional da Muller, con actividades dirixidas a toda a poboación. O programa deu comezo o xoves 5 de marzo coa presentación no Centro Sociocultural do xogo 'Feminismos no tempo', un obradoiro para xogar e aprender feitos e mulleres relevantes da historia. Proponse unha actividade para a poboación en xeral (a partir dos 16 anos) para xogar, dialogar e reflexionar. Ademais, houbo un contacontos para público familiar no Centro Sociocultural. O xoves día 12 de marzo o Centro Sociocultural acollerá a presentación do libro Alma de grilo, de María García, ás 19:00 horas,



un acto pensado para o público xeral. A autora fará unha presentación teatralizada acompañada da guitarrista Icí Saavedra. Por último, o luns 16 de marzo haberá obradoiros coeducativos no CEIP Otero Pedrayo de

Rábade dirixidos ao alumnado de 3º e 4º de Primaria nos que se vai promover a reflexión sobre os estereotipos presentes nos medios e na vida diaria, fomentando unha mirada crítica e coeducativa.

castroverde

A “A Impro Teatral das Pioneiras” será o acto central polo 8M

O Concello de Castroverde conmemora o 8 de marzo, Día Internacional da Muller, cun acto especial aberto á veciñanza. A cita será o domingo 8 de marzo ás 18:00 horas no Centro Sociocultural Paco Pestana, onde se realizará a lectura do manifesto oficial en relación a esta conmemoración, reflexionando sobre a igualdade de xénero e os retos que aínda afrontan as mulleres na sociedade.

Tras a lectura, o grupo lucense ‘Improdutivas’ presentará a obra “A Impro Teatral das Pioneiras”, un espectáculo de improvisación que busca poñer en valor a vida e o legado de



mulleres pioneiras en distintos ámbitos, combinando humor, creatividade e reivindicación nun formato dinámico e parti-

cipativo. Así, desde o Concello animan a todos a participar nesta actividade aberta a todo o público e de balde.

A IV edición do Concurso de Tapas será do 10 ao 12 de abril

O Concello de Castroverde acollerá os días 10, 11 e 12 de abril a cuarta edición do Concurso de Tapas, unha cita gastronómica xa consolidada no calendario local que reunirá a sete establecementos hostaleiros da vila cunha oferta variada e creativa para todos os públicos.

Durante tres xornadas, veciñanza e visitantes poderán degustar as elaboracións presentadas

polos locais participantes, que competirán por converterse na mellor tapa desta edición.

O venres 10, as propostas poderán probarse entre as 20:30 e as 23:30 horas. O sábado 11 haberá dobre quenda, de 13:00 a 15:30 horas e de 19:30 a 23:30 horas, mentres que o domingo 12 a degustación desenvolverase en horario de 13:00 a 15:30 horas.

Nesta cuarta edición participan A Lenda, coa tapa “Cerdo en terapia”; A Pociña de Muñiz, que presenta “Origen animal”; Lucio Rodinso, con “Calabocas do Nautilus”; O Camiño, que competirá con “007 Pork James Pork”; O Pendello de Moisés, coa proposta “Felipe”; Roma, que ofrecerá “Delicia del Imperio”; e Taberna Senador, que participa con “Entre ondas e fentos”.

portomarín

Portomarín únese ao programa ‘Sobes ao autobús do teatro’

O Concello de Portomarín vén de ser admitido no programa de mobilidade do Centro Dramático Galego denominado ‘Sobes ao autobús do teatro’, unha iniciativa que achega o teatro profesional á veciñanza mediante desprazamentos organizados ata Santiago de Compostela.

A actividade, que verán a obra ‘Hamlet’, desenvolverase o mércores 8 de abril cun espectáculo que terá lugar ás 18:00 horas no salón de teatro da capital galega.

As persoas asistentes disporán dun autobús gratuito que partirá ás 15:00 horas da Praza do Camiño de Portomarín e, unha vez rematada a representación, regresará ao municipio ás 20:15 horas. A proposta está recomendada para maiores de 16 anos e conta con prazas limitadas, polo que será necesaria inscrición previa. As persoas interesadas poden obter máis información e apuntarse chamando ao número 621197440 ata o 3 de abril.

Apróbanse novas partidas para mellorar estradas do municipio

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo deu luz verde a novos investimentos destinados á mellora da mobilidade na provincia. No caso de Portomarín, a institución provincial adxudicou por 237.958,52 euros á empresa Construcciones y Obras Taboada Ramos SLU os traballos de mellora de algo máis de 10,65 quilómetros da estrada LU-P-4905, que enlaza este municipio con Taboada. As obras, cun prazo de execución de mes e medio, abrangerán todo o termo municipal, desde o inicio

da vía ata o punto quilométrico 10,625, e incluírán a reapertura de cunetas, o saneamento da explanada e a pavimentación. O deputado responsable, Pablo Rivera Capón, destacou que este é o segundo tramo no que se actuará nesta estrada, xa que tamén está previsto o arranxo do segmento comprendido entre os puntos quilométricos 10,65 e 24,631, cun investimento adicional de 200.000 euros. Unha vez executados ambos proxectos, a vía quedará renovada na súa totalidade.

pol

A Valedora do Pobo admite a trámite a queixa do PP ante o alcalde de Pol

Os concelleiros do Grupo Municipal Popular de Pol veñen de ter confirmación de que a Valedora do Pobo admitiu a trámite a queixa presentada en outubro de 2025 “ante as reiteradas trabas” impostas por Lino Rodríguez para acceder a “expedientes concretos” do funcionamento diario do Concello, como por exemplo aqueles relacionados co autobús municipal.

A voceira popular, Nicole Grueira, explica que na súa comunicación a Valedora do Pobo sinala que “unha vez estudado o seu escrito comunicámoslle a súa admisión a trámite, ao entender que reúne

os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei da Valedora do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional derivada dos artigos 20.1.d) e 23 da Constitución”.

Deste xeito, a Valedora do Pobo inicia “as actuacións oportunas ante o Concello de Pol. En concreto, requirimos desa administración que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei da Valedora do Pobo, nos facilite información sobre o obxecto da súa queixa”.

Nicole Grueira agarda que “agora si, Lino Rodríguez facilite toda a

documentación requirida pola Valedora do Pobo e deixe de manexar o Concello fóra da legalidade xa que como concelleiros temos dereito a acceder e consultar todos os expedientes e documentación relacionados coa xestión diaria municipal”.

A voceira popular recorda que “hai expedientes aos que se pediu acceso en varias ocasións, pero a realidade é que seguimos sen poder acceder á información solicitada, pese a que a lexislación vixente establece un prazo de cinco días para dar acceso aos expedientes e á documentación solicitada”.

A Ruta Trotamontes de Pol xa ten aberto o prazo de inscrición

O prazo de inscrición da XVII Ruta Trotamontes de Pol xa está aberto. Os club Trotamontes de Pol da así continuidade á súa cita anual arrancando desde Mosteiro, unha cita que reúne todos os anos arredor de 150 participantes.

A ruta, que adoita ter uns 90 quilómetros, discurrirá por camiños e pistas forestais deste Concello e doutros dos arredores, utilizando vías asfaltadas tan só para facer cruzamentos ou como unións entre tramos. Como o ano pasado, os promotores agardan reunir a 250 quads, motos e ATV proce-

dentes de distintos puntos de Galicia e doutras comunidades como Asturias, León e Madrid. O programa arrancará ás 7.30 horas coa recollida de dorsais para celebrar ás 9.00 horas a saída. Pararase ás 11.00 horas para un café e para xantar ás 14.00 horas. A hora de remate da ruta é ás 19.00 horas e convocouse a cea para as 20.30 horas. Ademais, a partir das 23.00 horas está prevista unha actuación da discoteca móbil de Hermo para rematar a ruta cunha festa para os participantes.

AS NOGAIS: Jesús Núñez

“Estou orgulloso do labor feito durante estes 15 anos”



Jesús Núñez, alcalde das Nogais desde o ano 2011, leva 15 anos traballando por mellorar as infraestruturas, os servizos e calidade de vida dos seus veciños e veciñas do municipio

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.
Eu vivín sempre nas Nogais e eu vía o estado de deterioro tremendo que había naquel momento e quixen facer algo polo meu pobo, así foi o meu inicio. Xurdiu a opción de presentarme como cabeza de lista no ano 2007 co PP e non entrei na Alcaldía, pero no ano 2011 conseguín ser alcalde e desde aquela ata hoxe.

Como deu o salto ou recibiu o impulso para ser alcalde?
Como comentaba, naquel momento xurdiu a oportunidade de presentarme polo PP para acceder á Alcaldía do PP e sucedeu así. Anteriormente non militara en ningún partido ata o ano

2007, e en 2011 conseguimos chegar á Alcaldía.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?
Supón dedicarlle moitas horas, quitándollas aos negocios no meu caso e tamén á familia.

E beneficios?
O traballo ben feito sempre produce satisfaccións, e sobre todo servir aos veciños, mellorar as condicións de vida das persoas que te votaron a pesar de coñecerme é importante.

Como equilibra a vida pública e a privada?
A xente coñéceme de toda a vida como veciño, equilibrase dunha maneira normal, es o que es e fas o que tes que facer sen maior historia.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?
Non teño ambicións persoais políticas, deuse o de estar na Deputación pero son cousas dadas, estou contento coa Alcaldía e nada máis.

E se renova na Alcaldía, cales son as principais actuacións previstas?
Non teño ningunha decisión tomada de se me presentarei, consultareino cos compañeiros e coa familia e veremos que decido. Pero se renovo na Alcaldía, creo que hai que continuar coa mesma liña. O noso equipo de Goberno, desde o principio, temos como obxectivo a atención aos maiores, a mellora das infraestruturas municipais en todas as parroquias e con ese camiño de inversión, de facilitar a vida dos maiores, que forman parte dunha colectividade que sexa como vivir en calquera outro lugar, co mesmo nivel de servizos.

Cales son as principais liñas do seu programa?
Creo que o programa que presentamos no 2023 está practicamente cumprido, melloras en



núcleos rurais, acceso á axuda a domicilio, labor social en distintos campos a todos os veciños, mellora de infraestruturas de co-

terio importante, o concello tiña unha débeda tremenda, había unha carencia nos servizos, non había recursos no concello, nin maquinaria nin nada, reverteuse a situación totalmente,

DATOS
HABITANTES: 942.
PARROQUIAS: 9.
EXTENSIÓN: 112,4 km².
PARTIDO XUDICIAL: Becerreá.
CORPORACIÓN: 5 concelleiros do PP e 2 do PSOE.
ALCALDE: Jesús Núñez, do Partido Popular.
VOCEIRO PSOE: Ismael Silva.

EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**
68 anos, casado e 2 fillos
- **Profesión e formación**
Son autónomo, levo ferretaría e materiais de construción, pero estudei Dirección de Empresas
- **E se non o fose, que lle gustaría ser?**
O que son
- **Que quería ser de maior?**
Médico ou bombeiro, pero realmente non o tiña claro
- **Que fai para desconectar?**
Non teño problema para desconectar, pero leo e viaxo cando podo
- **Unha virtude e un defecto**
Iso deberían dicilo os demais
- **Un consello para compartir**
Sé ti mesmo
- **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**
Gústame a literatura fantástica galega, gústame o cine americano do oeste e a música rock
- **Unha afección**

Ler e pasar o tempo cos amigos e a familia

- **Un lugar que visitar**
Roma
- **Unha comida e unha bebida**
Calquera comida e calquera bebida, como unha cervexa
- **Unha personaxe admirada**
Non teño ídolos
- **Unha posesión prezada**
A casa, aínda que o máis prezado que teño é a familia, aínda que non é unha posesión
- **Un desexo**
Que puideramos seguir vivindo en paz
- **Algo para esquecer**
O mal rolo de moita xente
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**
A honestidade e a lealdade
- **Un desafío pendente**
Non teño desafíos pendentes
- **Onde se ve en cinco anos?**
Véxome xubilado e na miña casa das Nogais desfrutando do resto da vida

“O obxectivo é a atención aos maiores, a mellora das infraestruturas en todas as parroquias e facilitar a vida dos maiores, que vivir aquí sexa como en calquera outro lugar, co mesmo nivel de servizos”

“Estou orgulloso do labor feito durante estes 15 anos, traballamos moito e reverteuse unha situación de deterioro importante”

bertura, de internet... temos os obxectivos cumpridos.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?
Nós agradeceríamos máis apoio da Deputación de Lugo, ignora parte da provincia. Grazas ao apoio da Xunta puidemos saír adiante, pero queremos consolidar a poboación e conseguir melloras de todo tipo para atraer a xente a establecerse nas Nogais, que é necesidade máis importante: asentar poboación. Se non temos poboación, carece de sentido todo o demais.

De que proxectos se sente máis orgulloso?
Estou orgulloso do labor feito durante estes 15 anos, do equipo de goberno durante esta época, traballamos moito, reverteuse unha situación de de-

agora temos moitos medios, axudamos moito aos veciños, e todo ese labor diario de axudar aos veciños é o que máis nos fai sentir orgullosos. Límpanse as vías municipais, facilítase axuda a todos os veciños en todo o que necesitan, temos axudas á natalidade, temos festa dos veciños con participación deles en moitos puntos...

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?
Venme como son, levo toda a vida vivindo aquí, e os veciños coñécenme perfectamente, eu agradezo o apoio a pesar de coñecerme.

Como é a súa relación coa oposición?
Temos unha relación normal e cordial. A oposición non é moi participativa, pero entendo que facer oposición nun sitio pequeno é complicado e duro, pero non se implican moito a nivel político.

DEPUTACIÓN

A Deputación pide á Xunta máis recursos para a atención á diversidade

O Pleno ordinario da Deputación provincial aprobou unha iniciativa socialista para reclamar á Xunta de Galicia a necesidade de reforzar o persoal de atención á diversidade nos centros educativos da provincia. A moción contou cos votos a favor do PSdeG, o BNG e o deputado non adscrito e os votos en contra do PP. “Levamos anos vendo o declive da ensinanza pública por falta de vontade política. É evidente que Galicia arrastra unha falta estrutural de profesorado especialista en atención á diversidade, o que impide garantir unha educación verdadeiramente inclusiva e adaptada ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio”, sinalou a Deputada de Muller e Igualdade, Marisol Morandeira Morandeira. Destacou ademais que este ano o curso académico arrancou na provincia de Lugo 157 vacantes de profesorado sen cubrir, “algo que se repite ano tras ano”. Defendeu que son numerosos os exemplos de centros na provincia de Lugo que carecen de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) a pesar de contar con alumando que ten ditame recoñecido, ou nos que a atención á diversidade queda gravemente limitada pola falta de recursos humanos mínimos, xerando unha situación de desigualdade entre concellos. O texto presentado polos socialistas inclúe ademais que a Xunta de Galicia elabore e poña en marcha “de maneira inmediata” un Plan de Choque específico para reforzar os



especialistas en atención á diversidade; que dote este dos recursos económicos e humanos necesarios; que revise os criterios de asignación e ratios de profesorado PT e AL; e que garanta a cobertura efectiva das prazas necesarias. Ademais, o Pleno aprobou por unanimidade unha Declaración Institucional con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, na que se recoñece o papel das mulleres que sosteñen a administración local e desempeñan funcións esenciais na planificación, xestión e prestación de servizos públicos.

OUTRAS PROPOSTAS. A Deputación de Lugo instou á Xunta a poñer en marcha unha estratexia organizada e preventiva para salvagardar o patrimonio da provincia e impedir que se produzan danos irreversibles nos seus bens culturais. A proposta, presentada polo BNG, saíu adiante, malia o voto en contra do PP.

No transcurso do debate, a deputada nacionalista Iria Castro cuestionou a ausencia dunha política de conservación sólida por parte do Executivo autonómico, ao que lle corresponde a tutela dos Bens de Interese Cultural. Subliñou que non abunda con actuar cando xa se produciron derrubamentos, senón que é preciso anticiparse cunha planificación que evite o deterioro. Como exemplo, referiuse á Muralla de Lugo, onde informes técnicos sinalan varios puntos sensibles, e tamén a outros enclaves como a Torre de Torés, a Torre de Caldaloba ou a Casa Benedicto, casos nos que denunciou demoras e falta de actuación por parte da Xunta.

Na mesma sesión plenaria, a Corporación aprobou por unanimidade unha iniciativa para reclamar ao Goberno do Estado unha intervención integral na N-540, estrada que conecta Lugo con Ourense. O BNG solicitou actuacións inmediatas nos

treitos máis afectados ao longo do primeiro semestre de 2026 e a execución, sen máis atrasos, dunha reforma en profundidade da vía.

O deputado Daniel García alertou do perigo que representa o estado actual da estrada para a seguridade das persoas usuarias e criticou a escasa inversión en infraestruturas viarias na provincia. Ademais, fixo referencia á situación doutras vías relevantes como a N-VI, a N-120 e a N-640, así como aos atrasos acumulados en proxectos como a A-74, a VAC Costa Norte ou o desdoblamento da AG-22.

O PP criticou que PSOE e BNG votasen en contra das dúas iniciativas. Os populares propoñían, por unha banda, habilitar un fondo extraordinario de polo menos 5 millóns de euros para axudar aos 67 concellos da provincia a reparar infraestruturas municipais danadas polos temporais, especialmente camiños rurais, mediante axudas directas e procedementos simplificados.

Tamén solicitaron que a Deputación instase ao Goberno central a retirar o recurso presentado ante o Tribunal Constitucional contra o plan galego de axilización da dependencia.

VISITA AO PLENO. A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, saudou a un grupo de 24 alumnos e alumnas, xunto a varios docentes, do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos do Campus de Lugo, que asistiron en directo aos Plenos ordinario e extraordinario celebrado no Pazo de San Marcos.

Aprobada a listaxe de admitidos na sexta edición do Coñece a túa provincia

A Xunta de Goberno aprobou a listaxe provisional das entidades admitidas para participar na sexta edición do Coñece a túa provincia, que saen publicadas, no BOP.

Esta nova convocatoria bateu récord de participación cun total de 365 solicitudes, 32 máis que o ano pasado. Destas solicitudes, 135 colectivos foron admitidos, mentres que 230 quedan na lista de agarda por se se producen baixas. “Un dato a destacar é que, nesta ocasión, todos os colectivos admitidos participan por primeira vez, xa que se priorizaron as entidades que nunca antes formaran parte desta iniciativa. O obxectivo é ampliar o alcance do programa e abrir novas oportunidades de redescribir a provincia a través destas viaxes gratuítas”.

Desde que se puxo en marcha en 2021, o programa medrou de xeito constante e consolidouse como un éxito rotundo entre os colectivos da provincia. O seu interese non deixa de crecer: ata agora, preto de 12.200 persoas participaron, xerando un retorno económico superior a 800.000 euros.

Ademais aprobáronse as bases e convocatorias para cubrir seis novas prazas de funcionario mediante concurso-oposición incluíndo unha praza de Auxiliar para o Arquivo Provincial, tres prazas de Auxiliar de Sala para a Rede Museística-dúas reservadas a persoas con discapacidade-, e por último, dúas prazas de Maquinista-Conducidor para o Parque Móvil reforzando así os servizos públicos da institución provincial. Nos vindeiros días saíran publicadas no BOP.

Impulsarán cursos e demostracións de artesanía na provincia

A Vicepresidencia pon en marcha unha nova iniciativa de promoción da artesanía, o programa Mans artesás, co que profesionais da provincia ofrecerán demostracións, obradoiros e cursos de diferentes oficios tradicionais e manuais. Cestería, olería, traballo con coiro, técnicas de tecido ou torneado e tallado de madeira son algunhas das actividades incluídas, que se desenvolverán en función da dispoñibilidade das artesás e artesáns participantes. As asociacións e colectivos interesados deben remitir un correo electrónico a formacion.centrad@deputacionlugo.org con tempo.

O Consello de Turismo aproba os premios 2026

A vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presidiu a primeira reunión do ano, no que se aprobaron as bases da convocatoria 2026 para os Premios de Turismo e se presentou o calendario das accións previstas.

Ao igual que anos anteriores, os Premios de Turismo contarán con tres modalidades –Lugo Cambia ao Turismo Lucense, Premio Turismo Sostible e ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense.

Poden optar aos galardóns tanto persoas físicas como xurídicas,

públicas ou privadas, a nivel local, autonómico, nacional ou internacional, sempre que o seu traballo teña repercusión positiva no turismo ou na gastronomía da provincia ou nunha zona concreta de Lugo. Os proxectos, iniciativas ou traxectorias profesionais deberán estar vixentes ou realizarse no marco dun plan en curso.

A entrega dos premios terá lugar nunha gala que se celebrará o 27 de setembro no Pazo de San Marcos, coincidindo coa Día Mundial de Turismo. O prazo de presentación de candidaturas abrirase tras a publicación da convocatoria no Boletín



Oficial da Provincia, e as solicitudes deberán presentarse de forma telemática a través da Sede Electrónica da Deputación de Lugo, cun prazo dun mes.

Ademais, a vicepresidenta do Consello de Turismo detallou as principais accións da área de Turismo da Deputación para o ano 2026. Entre as

principais accións mantéñense programas consolidados, como o Coñece a túa provincia, as rutas fluviais, as rutas do románico ou a presenza en feiras e eventos turísticos.

Ademais, a Deputación continuará apoiando a entidades e concellos co obxectivo de fomentar iniciativas turísticas e festas locais.

DEPORTES

Avanza a instalación do videomarcador do Pazo



A instalación do novo videomarcador no Pazo dos Deportes completou a primeira fase, nun proceso que permitirá modernizar o equipamento audiovisual do recinto. Esta etapa incluíu o paso de cables desde a sala de control ata as canastras, o posto de consolas e o “cubo central”, así como as acometidas de potencia e datos necesarias para o funcionamento do sistema. Ademais, realizouse o izado da subestrutura que sopor-

tará o videomarcador e púxose en marcha a monitorización técnica. A actuación máis visible desta fase foi o levantamento da estrutura. Segundo o plan de traballo establecido, a segunda fase desenvolverase entre os días 12 e 14 de marzo. Nese período abordarase a montaxe dos módulos do videomarcador, formado por un prisma rectangular LED de 50 m2 con esquinas curvas, complementado por un anel LED inferior de 8 m2 coa mesma forma.

A Liga Galega de Xadrez celebrou unha xornada en Lugo con máis de 120 xogadores



A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, acompañada polo Vicepresidente da Deputación e responsábel de deportes Efrén Castro, foron os encargados do “saque de honra” da xornada da Liga Galega de Xadrez que reuniu a máis de 120 xogadores nas instalacións do soto da Praza de Abastos. Ferreiro destacou a colaboración da Tenencia de Alcaldía coa Escola Luguesa de Xadrez “para converter hoxe a Lugo na capital galega do xadrez”. “Contamos cunha programación para espallar a práctica do xadrez entre a veciñanza, con actividades abertas ao público no verán e ta-

mén durante o curso nos centros de ensino”, destacou a concelleira de Cultura, quen salientou que “a práctica do xadrez supón un magnífico instrumento para adquirir axilidade mental e habilidades sociais como a concentración, a toma de decisións ou a creatividade”. Ferreiro destacou “o grande interese que está a achegar o xadrez na poboación”, e engadiu “ao longo do ano, as rúas de Lugo e instalacións como a Praza de Abastos acollen diversas actividades para promocionar a práctica do xadrez, convidamos ás veciñas e veciños a participar deste deporte”.

O Anxo Carro acollerá a final a catro da Copa do Rei xuvenil

O Estadio Anxo Carro converterase de novo no escenario da final a catro da Copa do Rei xuvenil, que regresará á cidade entre os días 11 e 15 de marzo, catro anos despois da súa última edición no feudo albivermello. Lugo volverá situarse así no mapa do mellor fútbol base estatal cunha cita que reunirá algunhas das canteiras máis destacadas do panorama nacional. A fase decisiva contará coa participación do RC Celta de Vigo, o RC Deportivo de La Coruña, o Real Betis Balompié e o FC Barcelona. A presenza destes catro conxuntos garante representación galega e asegura a chegada a Lugo dalgúns dos futbolistas xuvenís con maior proxección do Estado. No apartado deportivo, as semifinais xogaranse no Anxo Carro ás 18:30 horas. O mércores 11 abrírase a competición co duelo entre o Real Betis e o RC Celta, mentres que o xoves 12, tamén ás 18:30 horas, será a quenda do FC Barcelona e o RC Deportivo. A gran final disputarase o domingo 15 ás 11:45 horas, cando os dous



equipos que superen as súas respectivas eliminatorias loitarán polo título sobre o céspede lucense e proclamaranse campións desta edición. Ademais, o estadio lucense acollerá ademais o encontro correspondente á xornada 28 do campionato ligueiro entre o primeiro equipo albivermello e o Real Madrid Castilla, reforzando o papel de Lugo como epicentro futbolístico durante varios días consecutivos.

Deste xeito, a cidade vivirá unha semana de esixencia competitiva, na que a afección poderá gozar dun evento que volve situar a Lugo como referencia do fútbol xuvenil a nivel estatal. Na última edición celebrada no Anxo Carro, o Real Madrid proclamouse campión tras impoñerse por 2-1 ao RCD Espanyol na final. Catro anos despois, o templo albivermello co-roará un novo gañador.

Lugo aspira a converterse en sede do CESA de voleibol infantil e cadete

Lugo prepara a súa candidatura para acoller a finais de xuño o Campionato de España de Seleccións Autonómicas de voleibol nas categorías infantil e cadete, coñecido como CESA, a cita máis relevante do calendario estatal no ámbito do deporte base desta disciplina. De confirmarse as previsións habituais de participación, a competición congregaría na cidade a 76 equipos procedentes das 17 comunidades autónomas, cunha presenza estimada de arredor de 950 xogadores e xogadoras, máis de 200 integrantes dos cadros técnicos e preto de 40 árbitros. Ao longo de catro xornadas disputaríanse máis de 140 partidos. A estas cifras habería que engadir o desprazamento de acompañantes, principalmente familiares, o que elevaría o número total de persoas na cidade ata case as 3.000. O impacto económico podería superar o millón de euros, cun efecto notable na hostalaría, no comercio local e no conxunto do sector ser-



vizos. A repercusión exterior veríase reforzada pola retransmisión en streaming dos encontros e pola cobertura en medios especializados. O concelleiro de Xuventude e Deportes, Jorge Bustos, mantivo unha xuntanza de traballo co presidente da Federación Galega de Voleibol e vicepresidente da Real Federación Española de Voleibol, José Ángel Luna, para avaliar as condicións das instalacións municipais propostas como sedes do torneo. Durante o encontro supervisouse a adecuación dos espazos deportivos para garantir o correcto

desenvolvemento da competición. As sedes analizadas inclúen o Pavillón Municipal, que acollería as finais, o Polideportivo Municipal Casa do Deporte e o Polideportivo Municipal O Pombal. O Concello comprometeríase ademais a colaborar nos dispositivos organizativos e loxísticos necesarios para asegurar o bo funcionamento dun evento destas dimensións. Desde a área de Deportes subliñan que esta candidatura forma parte dunha estratexia sostida que consolidou a Lugo como un referente do voleibol estatal.

“Grandes triatletas do equipo olímpico son nenos da escola”

Adrián Vázquez e Ana Valín, presidente e secretaria do Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial, levan á fronte deste equipo desde 2017 e son tamén adestradores

Jessica Fernández

En que consiste o triatlón?

O triatlón é un deporte que inclúe outros tres deportes: nadar, bicicleta e correr. As tres disciplinas seguidas. Despois, existen modalidades, como o dúatlón, que é bicicleta e correr; o acuatlón, que é nadar e correr; hai modalidade de media distancia, longa distancia, triatlón cross, dúatlón cross... O deporte principal é o triatlón, que é o deporte olímpico, pero ten moitas ramificacións.

Cantas persoas forman parte do seu club?

Roldamos as 200-250 licenzas todos os anos. Temos maioría de rapaces, pero creo que podemos estar moi orgullosos porque temos un 40 % de licenzas femininas. Temos unha escola de menores, que é a base, de prebenxamín a júnior, con arredor de 70-80 nenos e nenas, e representa un 40 % do club. Despois, temos dous equipos elite moi destacados, o masculino e o feminino, cos que competimos en ligas nacionais de triatlón e de dúatlón, en primeira división; e temos grupos populares de todas as idades que veñen practicar os deportes, como a categoría máster, na que hai persoas de máis de 60 anos. O triatlón pódese practicar a todas as idades e a todos os niveis. Ao final, o triatlón engloba tres deportes que son sinónimo de saúde. Nós non entendemos só o deporte de rendemento, entendemos o deporte como algo básico para unha vida saudable. E pode vir calquera persoa que teña ganas.

Que máis beneficios achega esta actividade?

A nivel escola, aparte de todo o que leva consigo o feito de practicar deporte e a saúde, hai moitísimo compañeirismo. Nós, ademais, fomentamos o adestramento entre idades, mesturados, para que os maiores axuden aos pequenos, para facer grupo, para ensinalles o valor da superación... Os pequenos, que teñen a súa propia liga a nivel nacional, vanse reflectindo nos maiores, que teñen moi bo nivel, e vanlles ensinando todo o que engloba o deporte. Grandes triatletas que forman parte do equipo olímpico son nenos

que se formaron na escola desde que tiñan 6 anos, e agora corren campións do mundo. A nós gústanos que a escola sexa para practicar deporte, como lecer saudable, como medio de vida, pero tamén, para que todo o que queira, que teña aí o seu trampolín e a súa plataforma para conseguir os seus obxectivos. Entendemos a ambición e o querer chegar a ser a túa mellor versión deportiva.

Poderían destacar a algunha persoa do club que consideren que chegou ao máis alto?

Orgullosos estamos de todos, pero si, temos a sorte de ter ao mellor deportista de triatlón de todos os tempos, que é Javi Gómez Noya, que pertence ao club e fai triatlón desde hai 20 anos. E agora mesmo outro

leva xa dous Xogos Olímpicos. E outras como María Casal, Sara Carballo, Cecilia Santamaría ou Elsa Pena, que loitan tamén polos Xogos de Los Ángeles, son os grandes referentes a nivel feminino. Creo que temos bos referentes e modelos de persoas que levan unha vida saudable e sacrificada neste deporte.

É posible vivir deste deporte?

A alto nivel, pódese vivir deste deporte, pero nós sempre lles dicimos aos nosos rapaces e rapazas que estuden, porque é difícil chegar ao alto nivel e vivir diso, pero sobre todo, cando saes del, non che dá para vivir, non é como o fútbol ou o baloncesto. Ao final, dependes moito de axudas de institucións e de bolsas, a Federación...



que temos e que nos enche de orgullo é Antonio Serrat, o último galego que foi aos Xogos Olímpicos de París, que leva aquí dous anos adestrando connosco. Esteban, que saíu da escola, pero agora está adestrando con Javi Gómez Noya nun equipo profesional, tamén é un referente. E, dos que están na escola connosco agora o maior referente é Jarno Pousada, que está disputando o seu último campionato do mundo. Con respecto ás rapazas, eu creo que o gran referente é Ana Godoy, que

Como son os adestramentos?

Se falamos de categoría elite, adestran todos os días e a maioría dos días da semana podemos facer os tres deportes. No caso da escola, temos un horario que vai de luns a sábado con grupos diferenciados, cada un co seu horario. Así, os nenos e nenas poden vir no horario que queiran os días que queiran coa mesma cota. O máis importante é facilitarlles a asistencia e que poidan practicar o deporte. Ademais, fan un ou dous deportes, nunca tres, e sem-



pre adaptados ás idades e ás capacidades de cada un. No caso de elite, adestran os 7 días da semana, aínda que 5 ou 6 son para o deporte e un máis suave de físico, no ximnasio das pistas de atletismo. É importante diferenciar entre os equipos masculino e feminino de elite que forman parte do club e o equipo de adestramento de alto rendemento, do que forman

gañar dez veces seguidas é difícil ata no parchís. E desas 10, en 8 anos, fixemos dobres gañando tamén cos rapaces. Se fosemos un equipo de fútbol, estaríamos no cumio.

Cales son as necesidades?

A nivel de subvencións públicas sempre se podería ter máis, pero non nos podemos queixar; e con respecto ás instalacións, estamos agradecidos de poder utilizar as que usamos, tanto a pista de atletismo como as piscinas das Pedreiras, e o local que nos cede o concello, pero quedásenos pequeno, tanto o local como as piscinas. Temos que compartir o uso das piscinas públicas con usuarios e con cursos de natación, polo que adestramos, moitas veces, con 25 nenos nunha rúa. Se tivéssemos unha piscina olímpica para compartir con equipos de natación como o PortaMiñá, abríranos moitas portas. Ao ser un equipo recoñecido mundial e internacionalmente, cada ano veñen Seleccións doutros países, pero en ocasións tivemos que dicirlles que non por falta de espazo.

Entón, como ven o futuro?

Aínda que temos en mente un proxecto de grupo máis profesional, dependemos do espazo. E con respecto ao triatlón, cada vez cóstanos máis competir, aínda que temos estes bos resultados, porque cada vez é máis caro. Competimos contra clubs moito máis profesionalizados. Por iso, o obxectivo é seguir manténdonos ano a ano e seguir competindo a nivel nacional, loitando polo máis alto. A curto prazo, en maio comeza a clasificación olímpica e temos a Antonio, que foi a París, para intentar metelo nos Xogos. E tamén queremos traer a Lugo un grupo de alto rendemento que vai loitar polos Xogos de Los Ángeles.

DE RUTA EN RUTA

Ruta dos muíños e das fadas de Xove

O percorrido sitúase na parroquia da Rigueira e configúrase como un paseo de ida e volta que segue o curso do río

N o corazón da Mariña lucense, o concello de Xove agocha un itinerario que combina patrimonio etnográfico, paisaxe fluvial e fantasía. A coñecida ruta dos muíños discorre á beira do río Regueira e permite descubrir antigos enxeños hidráulicos ao tempo que sorprende aos visitantes con pequenas portas agochadas nos troncos das árbores, supostas entradas ás moradas de seres máxicos.

O percorrido sitúase na parroquia da Rigueira e configúrase como un paseo de ida e volta que segue o curso do río ao longo duns 7 quilómetros. A marcha pode completarse en arredor de dúas horas e non presenta unha esixencia física elevada, xa que o desnivel é suave e constante, o que a converte nunha proposta accesible para públicos de todas as idades. O punto de inicio pode fixarse no lugar de Regosangüento, avanzando ata a igrexa parroquial de San Miguel da Rigueira, situada na Ponte do Carro. O sendeiro, de aproximadamente metro e medio de ancho, está formado por terra

compactada e discorre sempre moi próximo á auga. Durante o traxecto, os camiñantes atravesan nove pontellas de pedra e outras oito de madeira, ademais de atopar numerosos muíños que testemuñan a importancia que tivo a moenda na economía tradicional da zona.

En total consérvanse nove muíños hidráulicos de rodicio horizontal, distribuídos de norte a sur e coñecidos como Muíño de Abad, do Concheiro, de Gervasio, de Penacurva, de Canaledo, de Villarquide, de Fabás, de Meixide e o Muíño Municipal. Estas construcións funcionaban grazas á forza da auga e adoptaban distintas fórmulas de propiedade. Existían os chamados muíños de parceiros, compartidos por varios veciños que contribuían á súa construción e mantemento para garantir o dereito de uso, e tamén muíños particulares, nos que o dono podía moer o gran alleo a cambio dunha parte da fariña obtida, coñecida como maquia.

Máis alá da súa utilidade práctica, o muíño ocupou un lugar central na vida social de Xove. Arredor del tecéronse relacións, intercambiáronse novas e xurdiron cantigas, ditos populares e relatos que forman parte da memoria colectiva do municipio. En paralelo a este itinerario fluvial, a poucos metros do leito do río, agroma a chamada ruta das Fadas, un pequeno treito duns 1 quilómetro entre os muíños de Abad e do Concheiro. Nos troncos dalgunhas árbores poden verse diminutas portas que evocan as casas de fadas e trasnos.



DATOS



2 horas



8 quilómetros



Dificultade sinxela



Parrillada Restaurante

Porta Santiago



XORNADAS DO COCIDO

LLÉVATE EL RESTAURANTE A TU MANERA
CATERING SAN XAGO
976 008 592



Hostal Cela

ALQUILER DE HABITACIONES Y APARTAMENTOS

982 253 221

Con baño, TV y caja fuerte, Wi-Fi...
Para pensionistas, trabajadores, estudiantes
CON O SIN PENSIÓN COMPLETA

Ronda da Muralla, 176 - 27002 Lugo · Tel: +34 619 376 877 - restauranteportasantiago@gmail.com